



SESION ORDINARIA DE 30 DE XUÑO DE 2020

(Acta número 07)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa (incorpórase ás 12:28)
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e once minutos do día **trinta de xuño de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Bo día, e benvidos a todos.

Creo que nos temos que alegrar de estar todos hoxe aquí de xeito presencial. Dámoslle tamén a benvida ó novo Deputado, que tomou posesión do cargo telemáticamente na sesión anterior.

Antes de comezar a Orde do Día, só dúas cousas. En primeiro lugar desculpar a ausencia inicialmente, logo vaise incorporar, da compañeira deputada do Grupo Provincial do Partido Popular, Dolores Castro, Alcaldesa de Courel, que agora mesmo ten outra ocupación pero que se incorporará durante o desenvolvemento do Pleno.

Por outra banda, se ás señoras e señores Deputados lles parece ben, dado que é o primeiro pleno presencial que facemos, e como Institución debemos ter un recordo para esas persoas que xa non están connosco debido ós efectos da pandemia do Covid-19. Así que, se lles parece, gardamos un minuto de silencio”.

A continuación os deputados provinciais e o público asistente, postos en pé, gandan un minuto de silencio.

Unha vez rematado o minuto de silencio, adoptáronse, en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA CELEBRADAS O DÍA VINTE E SEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o día vinte e seis de maio de dous mil vinte, e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade dos presentes.



PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO.

2.- PROPOSTA PARA A SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS PARA DESENVOLVER OS ODS DA AXENDA 2030.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Sométese ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a proposta de adhesión á Rede de Entidades Locais para desenvolver os ODS da Axenda 2030 realizada pola Presidencia.

A Rede de Entidades Locais para desenvolver os ODS da Axenda 2030 da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) está formada polos Gobernos Locais que se comprometen a localizar e implementar os ODS da Axenda 2030 de forma transversal nas políticas públicas municipais.

A actividade desta Rede está dirixida a favorecer a coordinación de actuacións entre os Gobernos Locais, permitindo alcanzar mellores resultados na implementación da Axenda 2030 nos municipios, a través da localización e desenvolvemento dos ODS no ámbito local.

A Rede é un instrumento que ofrecerá ferramentas aos Gobernos Locais para que alcancen os seus obxectivos, de acordo coa implementación da Axenda 2030 en España. E, ademais, ofrecerá aos Gobernos Locais pautas, información e propostas de actuacións para facer fronte á crise provocada polo COVID-19, tendo moi presente una das principais premisas da Axenda 2030: non deixar a ninguén atrás.

Coa adhesión á Rede de Entidades Locais para o desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030, o Goberno Local comprométese a determinar un conxunto de actuacións, que deberán

incorporarse nun Plan de Actuación ou Estratexia Local, aprobado polo Pleno, que inclúa unha análise de situación e un plan de localización e implementación dos ODS da Axenda 2030.

Paralelamente, deberase iniciar un proceso de información e sensibilización para a participación de todos os axentes locais, económicos e as organizacións cidadás representados na vida municipal, para a súa implicación na implementación local da Axenda 2030.

Ademais, as cidades que participen na Rede deberán asumir, mediante acordo plenario, a Declaración en favor da Axenda 2030 aprobada pola FEMP no marco do seu XII Pleno.

Por todo elo, a Presidencia desta Deputación provincial de Lugo, presenta para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo:

1º.- Asumir a declaración a favor da Axenda 2030, aprobada no XII Pleno da FEMP.

2º.- O Pleno da Corporación aproba a adhesión da Deputación Provincial de Lugo á Rede de Entidades Locais para o desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030 e, en consecuencia, comprométese a:

a) Traballar na aprobación dun Plan de Actuación ou Estratexia Local, no que se elabore unha análise de situación e un plan de localización e implementación dos ODS da Axenda 2030.

b) Cumprir coas obrigacións e exercer os dereitos que se establezan nas Normas de Funcionamento da Rede, que se aprobarán na Asemblea constitutiva prevista para o mes de xullo de 2020 na que tamén se establecerá a cota para abonar que, previsiblemente, poderíase fixar en función do número de habitantes.

3º.- Designar como representante político ao Sr. Ilmo. Presidente da Deputación Provincial de Lugo D. José Tomé Roca e como representante técnico ao Sr. Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero.

4º.- Que polo titular da Presidencia se realicen todos os trámites oportunos para que a adhesión da Deputación Provincial de Lugo á Rede de Entidades Locais para desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030 sexa efectiva.

5º.- Facultar ao Ilmo. Sr. Presidente da Deputación para adoptar os acordos que resulten precisos en relación aos apartados anteriores e que resulten da súa competencia.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstencións dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“A proposta que traemos a Pleno é para solicitar a adhesión á Rede de Entidades Locais para desenvolver os obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

Trátase de levar a cabo unha actividade desta Rede dirixida a favorecer a coordinación de actuacións entre os Goberno Locais, permitindo acadar mellores resultados na implementación da Axenda 2030 nas entidades locais a través da localización e desenvolvemento dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

A Rede vai ser un instrumento para ofrecer ferramentas aos gobernos locais para que acaden os seus obxectivos de acordo coa implementación desta Axenda en España. E ademáis vai ofrecer pautas, información e propostas de actuación para facer fronte á crise provocada polo Covid-19, tendo moi presente unha das principais premisas desta Axenda 2030: non deixar a ninguén atrás.

Coa adhesión a esta Rede o Goberno Local, neste caso a Deputación, comprométese a determinar un conxunto de actuacións que deberán incorporarse nun Plan de Actuación ou Estratexia Local, aprobado no seu momento polo Pleno, que inclúa unha análise de situación e un plan de localización e implementación destes obxectivos.

Paralelamente iniciárase un proceso de información e sensibilización para a participación de todos os axentes locais, económicos e tamén as organizacións cidadás representados na vida municipal, neste caso provincial, para a súa implicación na implementación local da Axenda 2030.

Ademais, as cidades que participen na Rede deberán asumir, mediante acordo plenario, a Declaración en favor da Axenda 2030 aprobada pola FEMP no marco do seu Pleno número XII, algo co que dende este Goberno estamos de acordo.

En función de todo iso traémoslles a proposta que todos vostedes coñecen”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Lóxicamente a Axenda 2030 vai dirixida ós concellos, ás administracións locais; este Grupo representa a 67 concellos, 30 alcaldías e o resto diferentes grupos municipais; respectando un pouco esa autonomía local, hai concellos que están adheridos, e hai concellos que aínda están pendentes de adherirse.

Ademáis, entendendo tamén que a Xunta de Galicia ten tamén avanzado o Pacto polo Clima coas Alcaldías, no que faltan tamén por adherirse moitos concellos, e que vai nesta liña; un deles é o concello do Presidente da Deputación, o concello de Monforte; e en vías de non duplicar esforzos porque ó final o que case acabamos é difuminando a mensaxe, o Partido Popular vaise abster.

De tódolos xeitos esperamos que non quede nunha mera declaración de intencións, como pasa moitas veces con estas cousas que son tan xenéricas, boas palabras, pero despois as accións quedan moi atrás.

Como ben dicía vostede señora García, un dos obxectivos, e leo textualmente: *“la Red será el instrumento que ofrecerá herramientas a los gobiernos locales para que alcancen sus objetivos de acuerdo con la implementación de la Agenda 2030 en España, y además ofrecerá a los gobiernos locales pautas, información y propuestas de actuación para hacer frente a la crisis*



provocada por el Covid-19, teniendo muy presente una de las principales premisas de la Agenda 2030, que es no dejar a nadie atrás”. Eu creo que se deberían aplicar un pouco esta circunstancia, a Deputación de Lugo quedou atrás na crise do Covid-19, e non quedou atrás por chegar tarde a todo, porque si se chegou tarde a todo en xeral na resposta ó reparto de material, pero fundamentalmente votando en contra o Partido Socialista e o BNG do plan poscovid que propuxo o Partido Popular e que era moi interesante para tódolos empresarios e para todas aquelas PEMES e autónomos, e sobre todo para aqueles afectados polos ERTes, máis de 4000 lucenses. Para todos eses era moi necesario un plan de reactivación do que a Deputación de Lugo quedou atrás. Polo tanto eu creo que non empezan con moi bo pé; pero dende logo ímoslles dar esa confianza, e esperemos que nesta lexislatura se cumpra escrupulosamente este protocolo.

Tamén é ben certo que non está moi concretado, non se sabe como vai funcionar, tampouco sabemos as cotas que van ter que pagar nin a Deputación nin os concellos, e hai bastantes cousas que efectivamente aínda non están moi avanzadas.

Polo tanto nós abstémonos, pero con esa idea, respectando que hai concellos gobernados polo Partido Popular, e nos que o Partido Popular tamén está na oposición, que aínda non o decidiron e tampouco queremos condicionar esa situación”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Como vostede sabe, señor Castiñeira, porque foi dito aquí e vostede mesmo creo que o repetiu, a Rede está en creación, polo tanto neste momento o que toca é sumarse. Vostedes, dende o ámbito local no que gobernan en moitos dos concellos desta provincia, saberán se queren adherirse ou non; nós dende logo, como Institución provincial, así o decidimos e cremos que se van ofrecer ferramentas ós gobernos locais, a Deputación de Lugo é un goberno local.

Non intente vostede derivar isto a un debate interesado poñendo xa enriba da mesa unha pedriña como dicindo que teremos que facer un traballo extraordinario para os concellos; os concellos que queiran estar nesta Rede teñen posibilidade de adherirse, a Deputación vai estar aí e vai traballar en colaboración con todas aquelas entidades do país que decidan sumarse, ó igual que

estamos facendo na Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, que por certo, xa nos ten aportado algún froito”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

3.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PROPOSTA POLA SECRETARÍA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O Capítulo VI do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, aprobado definitivamente en data dez de marzo de dous mil once, recolle nos seus artigos 122 a 125 a regulación do procedemento de elaboración das actas dos órganos colexiados e das resolucións da Presidencia; así como da transcripción dos mesmos ós libros oficiais de acordo co sinalado nos Decretos 101/1983 de 14 de xullo e 418/2001 de 29 de novembro.

Coa entrada en vigor da Ley 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, ábrese un novo escenario normativo de consolidación da administración dixital nas administracións públicas, e polo tanto nas entidades locais.

Tanto a Lei 39/2015, de 1 de outubro, coma a Lei 40/2015, de 1 de outubro, xeneralizan o emprego de medios electrónicos. Concretamente, no que atinxe ás relacións *ad extra*, a Lei 39/2015 incorpora o uso xeneralizado e obrigatorio de medios electrónicos tanto respecto dos documentos e actos administrativos en xeral, arts. 26.1 e 36.1, coma na relación coas diferentes fases do



procedemento administrativo (arts. 71.1, 75.1, 80.2 e 88.4), e establece, así mesmo, no seu artigo 70.2, o formato electrónico dos expedientes administrativos. E respecto das relacións *ad intra*, a Lei 40/2015 alude na súa exposición de motivos a que tamén neste eido a utilización dos medios electrónicos debe ser o habitual, prevendo, de xeito máis concreto, no seu artigo 46.1, que tódolos documentos empregados nas actuacións administrativas se almacenarán por medios electrónicos, agás cando non sexa posible. Ademáis, ámbalas dúas leis recollen, respectivamente, nas súas disposicións finais quinta e decimoséptima, un mandato de adaptación normativa á regulación nelas contida.

O Decreto 24/2018, de 15 de febreiro da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, regula o emprego de medios electrónicos no relativo aos libros de actas das sesións de órganos colexiados de goberno e de resolución previstos na normativa de réxime local sen prexuízo dos demais aspectos recollidos na restante normativa aplicable. E na súa disposición derogatoria única derroga os Decretos 101/1983 de 14 de xullo e 418/2001 de 29 de novembro.

O citado Decreto 24/2018 sinala que:

“Art. 2.1. As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno constarán en documentos asinados electrónicamente pola persoa titular da secretaría e pola persoa titular da presenza do órgano colexiado de goberno ou persoa que a substitúa ou en quen delegue. Así mesmo, as resolucións ou decretos constarán en documentos asinados electrónicamente pola persoa titular da secretaría e pola persoa titular da presenza da entidade local, ou persoa que a substitúa ou na que delegue. As sinaturas destes documentos terán as garantías esixidas pola normativa reguladora dos documentos electrónicos.

2.2 As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno estenderanse en soporte electrónico incorporando ou non o arquivo audiovisual das sesións.(...)

2.4. Por acordo do pleno poderá optarse porque as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno incorporen o arquivo audiovisual da sesión (...)

O Decreto sinalado, dispón no seu artigo 3: “Libros electrónicos de actas e de resolución” o seguinte:

“3.1. Os libros de actas e os de resolucións en soporte electrónico estarán formados, respectivamente, pola agregación cronolóxica e numerada correlativamente das

correspondentes actas e resolución. Cada libro abranguerá o período dun ano natural e poderá incorporar un índice comprensivo dos arquivos incluídos”.

Tendo en conta que existe unha obriga de emprego de medios electrónicos nas actuacións das administracións públicas, polo que resulta imprescindible aplicala á obriga de levar libros de actas e de resolución prevista na normativa de réxime local. E dado que xa está en procedemento de contratación o contrato de vídeoactas que se adxudicará en datas próximas. E logo de ver o informe emitido pola Secretaría Xeral desta Deputación; esta Presidencia propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación dos artigos 122 a 125, Capítulo VI, do Título III, do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, cuxa aprobación require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, según dispón o art. 47.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Quedando redactados do seguinte xeito:

“Artigo 122

Actas das sesións do Pleno da Corporación

Durante cada sesión a persoa que ostenta a Secretaría, asistida polos funcionarios que para o efecto designe, tomará as notas necesarias para redactar a acta na que se consignarán os requisitos establecidos no artigo 109 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

As sesións plenarias serán gravadas a través dunha aplicación denominada “Vídeo-Actas” a cal permite gardar a documentación e arquivos dixitais resultantes da sesións do pleno da Corporación Provincial con plenas garantías legais e garante a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes. A referida gravación recibirá o nome de “Acta Audiovisual” que se define coma un documento electrónico e multimedia composto polos seguintes documentos:



Acta sucinta.- Documento electrónico que contén os puntos da orde do día dunha sesión ou reunión dun órgano colexiado e os acordos adoptados. Dependendo do tipo de sesión, a acta sucinta poderá ter un formato específico, incluso determinado pola lexislación vixente como é o caso das Actas dos Plenos.

Documento audiovisual ou vídeo.- Gravación en vídeo de todo o sucedido na sesión contendo audio e imaxes. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada un dos oradores e intégrase no documento electrónico de forma enlazada.

Sinatura electrónica.- A sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría e que dota de fehaiencia e efectos de Dereito ao documento. A acta audiovisual asinarase tamén polo Presidente.

De non celebrarse sesión por falta de asistencia ou outro motivo, o/a titular da Secretaría suplirá a acta cunha dilixencia, autorizada coa súa sinatura electrónica, na que consigne a causa e os nomes dos concorrentes e dos que se escusasen

Conformarase un Libro Oficial de Actas anual coa denominación de Libro de Actas Audiovisual. Consignando ó inicio de período unha dilixencia para facer constar a data de apertura do Libro de Actas; e unha dilixencia de peche na que se consignará a data da primeira Acta e da última recollidas, así como a data de peche do Libro de Actas.

Actas das sesións da Xunta de Goberno

As actas das sesións da Xunta de Goberno serán asinadas electrónicamente polo/a titular da Secretaría da Deputación Provincial e polo Presidente/a. E conformarase anualmente un único Libro Oficial de Actas da Xunta de Goberno. Consignando ó inicio do período unha dilixencia para facer constar a data de apertura do Libro de Actas; e unha dilixencia de peche sinalando a data da primeira Acta e da última recollidas.

Resolucións da Presidencia

Conformarase anualmente un Libro de Resolucións da Presidencia, coa numeración correlativa; serán asinadas electrónicamente polo/a titular da Secretaría e polo Presidente/a. E conformarase un Libro Oficial de Resolucións da Presidencia; consignando ó inicio do período unha dilixencia na que se faga constar a data de apertura do Libro de Resolucións; e unha dilixencia de peche na que se faga constar a data de peche.

Artigo 123

Os libros de actas de sesións do Pleno, Xunta de Goberno, e igualmente das Resolucións do presidente/a, constitúen un instrumento público solemne para a constancia de actos administrativos. Serán custodiados na sede da Deputación Provincial polo titular da Secretaría /a da Corporación baixo a súa responsabilidade. Non consentirá que saian desta baixo ningún pretexto, nin aínda por requirimento de autoridade de calquera orde.

Os libros de actas e os de resolucións en soporte electrónico estarán formados, respectivamente, pola agregación cronolóxica e numerada correlativamente das correspondentes actas e resolucións. Cada libro abranguerá un período dun ano natural.

A aplicación informática que soporte tales libros deberá garantir a integridade, autenticidade, calidade, confidencialidade, protección e conservación dos ficheiros electrónicos correspondentes.

A súa consulta suxeitarase ao previsto na lexislación vixente aplicable.

A persoa titular da Secretaría está obrigada a expedir certificacións ou testemuñas dos acordos ou resolucións que os devanditos Libros conteñan cando así o reclamen de oficio as autoridades competentes.



Artigo 124

As certificacións de todos os actos, resolucións e acordos dos órganos de goberno da entidade, así como as copias e certificacións dos libros e documentos que nas distintas dependencias existan, expediranse sempre pola persoa titular da Secretaría, agás precepto expreso que dispoña outra cousa.

As certificacións expediranse por orde do Presidente/a da Corporación e co seu “visto e prace”, para significar que a persoa titular da Secretaría ou funcionario/a que as expide e autoriza está no exercicio do cargo e que a súa sinatura é auténtica. Irán asinadas electrónicamente polo funcionario/a do Servizo, Sección ou Unidade que corresponda, levarán o selo da Corporación e reintegraranse, se é o caso, conforme á Ordenanza de exacción, se existise.

Poderán expedirse certificacións das resolucións e acordos dos órganos de goberno e administración das entidades locais, antes de ser aprobadas as actas que os conteñan, sempre que se faga a advertencia ou salvidade neste sentido e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente.

Tódolos cidadáns teñen dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos dos órganos de goberno e administración das entidades locais e dos seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispoña a lexislación ao respecto. A denegación ou limitación deste dereito, en todo canto afecte á seguridade e defensa do Estado, a indagación dos delitos ou a intimidade das persoas, deberá realizarse mediante resolución motivada.

Artigo 125

Os libros de Actas do Pleno, da Xunta de Goberno e de Resolucións da Presidencia serán levados de conformidade co disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia; e de acordo co preceptuado na lexislación de réxime local, e estatal que sexa de aplicación.

SEGUNDO.- Exposición pública na Secretaría desta Entidade durante o prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, de conformidade co sinalado no art. 70.2 en relación co 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

No caso de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión quedará aprobado definitivamente unha vez publicado o texto íntegro e teñan transcorrido o prazo previsto no artigo 62.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL.

De presentarse reclamacións estas serán resoltas polo pleno da Corporación, a quen lle corresponde a aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Remisión á Administración do Estado e ao departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días dende a aprobación, de copia do acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da modificación, ou no seu caso, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia autenticada dos mesmos”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstencións dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Vou tratar de ser breve porque o que traemos é unha proposta de modificación do Regulamento Orgánico para unha cuestión moi técnica, moi concreta, e como ben saberán no Capítulo VI do Regulamento Orgánico aparecen recollidos nos artigos do 122 ó 125 o procedemento de elaboración das actas dos órganos colexiados e das resolucións da Presidencia, así como a súa transcripción ós libros de actas.



Coa entrada en vigor da Lei 39 de Procedemento Administrativo, da Lei 40 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, e do Decreto 24 de 2018 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, recomendan a paulatina incorporación dos medios electrónicos ó deseño e implementación de medidas no ámbito dixital, a paulatina dixitalización dos medios electrónicos, creo que se ten feito un bo traballo neste sentido nesta Institución, infraestruturas que permiten dalgún xeito poder transmitir os Plenos de maneira telemática, que permitiron teletraballar ó 80% do cadro de persoal da Institución, así como outra serie de medidas que facilitan e incluso melloran a transparencia desta Administración Pública.

Por iso traemos esa modificación, lóxicamente no Regulamento actual non aparecía a irrupción dos medios dixitais, e o que se fai é no artigo 122 en concreto incorporar o concepto de vídeo-acta que, a pesares de que os plenos xa se transmiten en streaming e aparecen en directo, quedan nun repositorio, pois se incorpora un sistema moito máis avanzado que existe actualmente e que permite indexar e darlle unha validez legal ó libro de vídeo-actas, así como tamén ó libro de actas da Xunta de Goberno e ó libro de Resolucións de Presidencia. E mentres que todo isto se recolle no 122 ó 124, e no 125 se incorpora a mención a ese Decreto da Xunta de Galicia a que facía referencia.

En segundo lugar, definitivamente o que traemos hoxe aquí é unha proposta para que se aprobe, é necesaria a maioría absoluta dos membros da Corporación, e polo tanto a súa exposición pública; e pasados trinta días se elevará a súa aprobación a definitiva se non hai alegacións”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Perfectamente explicado polo señor Deputado Rivera, e polo tanto nós temos pouco que engadir. É unha cuestión técnica de Secretaría, e dende logo é tratar de adaptarse ás novas situacións que nos da isto, ás novas tecnoloxías.

Custou que o goberno accedese ós plenos telemáticos, recorde que así o instamos tres veces para que o fixera coma unha cuestión xa practicamente normal, ó final chegamos a facer dous plenos telemáticos; pero si que teñen que recoñecer que lles custou; verdadeiramente había unha

desconfianza no equipo informático da Deputación de Lugo que dende logo fixo un traballo absolutamente extraordinario, xa que non é fácil poñernos de acordo a todos nas nosas casas, pero creo^o que demos un bo exemplo, e tamén o teño que felicitar nese caso porque vostede é o Presidente, ó final tivo esa valentía, dende logo custoulles un pouco pero benvidos ás novas tecnoloxías.

Isto é unha cuestión técnica únicamente, e polo tanto imos votar a favor”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Nada que engadir ó que moi ben explicou o compañeiro Pablo; é unha cuestión técnica, e incluso me atrevería a dicir que de sentido común, e polo tanto imos votr a favor”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial socialista, no seguinte sentido:

“Sen ánimo de polemizar, porque non se trata diso, queda claro que é unha proposta técnica, pero custar non nos custou nada”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, e polo tanto co quorum de maioría absoluta establecida no artigo 47.f) fa Lei7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DO CONCELLO DE O VALADOURO, PARA AMPLIAR O USO E DESTINO DOS TERREOS ADQUIRIDOS AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO 2017, (INVESTIMENTO Nº 250, DENOMINADO ADQUISICIÓN DE TERREO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E INDUSTRIAIS MUNICIPAIS)



Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Concello de O VALADOURO achégase escrito con RE nº 2020RPE002681, de data 10/02/2020, no que, logo da correspondente xustificación, solicita se amplíe o uso e destino dos terreos adquiridos ao abeiro do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017, a todos os usos permitidos pola normativa urbanística.

En relación coa solicitude formulada, infórmase o seguinte:

- 1. O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria en data 16 de xuño de 2017, figurando incluído o investimento que se sinala.*
- 2. Por acordo do Pleno, de data 30 de outubro de 2018 aprobouse a modificación do investimento, substituíndo o inicialmente incluído no Plan único 2017 “ADQUISICIÓN TERREOS FUTURO POLÍGONO INDUSTRIAL”, polo indicado ADQUISICIÓN DE TERREO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E INDUSTRIAS MUNICIPAIS.*
- 3. O Concello de O VALADOURO achegou conta xustificativa, con RE 32818 de data 05/12/2018 coa documentación esixida nas bases reguladoras do Plan único 2017 (base 20), relativa ao investimento indicado, incluído no Plan único 2017, sendo aprobada dita conta xustificativa por Resolución da Presidencia de data 11/01/2019, e xustificando un investimento de 174.710,69€ dos cales 131.538,60€ corresponden coa axuda da Deputación de Lugo.*
- 4. A base 3 do Plan único 17 establece a finalidade e obxecto, indicando no mesmo “... Co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, a Deputación provincial trata de dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa*

autonomía e responsabilidade (en qué e cómo gastar) mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais...”; non establecendo polo tanto límites en canto aos fins ou usos dos investimentos financiados a través do amentado Plan.

5. *As bases reguladoras do plan único 2017, establecen na base 13 “... as aportacións da Deputación con cargo ao Plan Provincial Único teñen a natureza xurídica de axudas integradas nun plan que ten por obxectivo a realización de funcións de apoio e cooperación municipal réxense en primeiro lugar por estas bases e resultando da aplicación supletoria a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e o seu Regulamento ...”*
6. *En atención ao indicado na base 13, no relativo á aplicación supletoria da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, interesa o indicado no artigo 31 que sinala “... En el supuesto de adquisición, construcción, rehabilitación y mejora de bienes inventariables, se seguirán las siguientes reglas:*
 - a) *Las bases reguladoras fijarán el período durante el cual el beneficiario deberá destinar los bienes al fin concreto para el que se concedió la subvención, que no podrá ser inferior a cinco años en caso de bienes inscribibles en un registro público, ni a dos años para el resto de bienes.”*

Nas bases do plan único 2017 non se fixa ningún prazo durante o cal o beneficiario debera destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a axuda.

De igual xeito, no apartado 5 do mesmo artigo 31 da amentada Lei de Subvencións indícase “...No se considerará incumplida la obligación de destino referida en el anterior apartado 4 cuando:

(...)

- b) *Tratándose de bienes inscribibles en un registro público, el cambio de destino, enajenación o gravamen sea autorizado por la Administración concedente. En este supuesto, el adquirente asumirá la obligación de destino de los bienes por el período restante y, en caso de incumplimiento de la misma, del reintegro de la subvención.*



CONCLUSIÓN

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras. Quere dicirse que este investimento, se fora proposto antes da aprobación do propio Plan, sería aceptado, con independencia de cal fora o seu uso ou destino. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa, polo que se informa favorablemente a ampliación do uso e destino dos terreos adquiridos ao abeiro do Plan único 2017.

Tendo en conta o anterior, así como a solicitude, xustificación e demais documentación achegada e exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2017 e a súa modificación.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Valadouro, e en consecuencia, se amplíe o uso e destino dos terreos adquiridos ao abeiro do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017, investimento nº 250 e denominado *ADQUISICIÓN DE TERREO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E INDUSTRIAS MUNICIPAIS*, a todos os usos permitidos pola normativa urbanística.

2.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de O Valadouro para ao seu coñecemento e demais efectos”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstencións dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos

Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DO CONCELLO DE O INCIO DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 E APLICACIÓN REMANENTE.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O INCIO, no que solicita unha modificación/substitución de investimentos incluídos no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019, infórmase o seguinte:

- 1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fíxándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.*
- 2. O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación, en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluído, entre outros o investimento e que se sinalan e se pretenden modificar:*



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
INCIO, O	134	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE ACCESO A SOUTO E A VILA, INCLUÍDO HONORARIOS	--	18.322,44€	18.322,44€

3. O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, das actuacións que se relacionan:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
O INCIO	130	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE ACCESO A SIRGUEIROS, INCLUÍDO HONORARIOS	1534.76201	10.456,71€
	131	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE ACCESO A VILAMOR, INCLUÍDO HONORARIOS		5.538,02€
	132	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE ACCESO A HERMIDA RURAL E A SERRA, INCLUÍDO HONORARIOS		145,91€
	133	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE ACCESO A VILADEMOUROS, INCLUÍDO HONORARIOS		233,28€
	134	MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE ACCESO A SOUTO E A VILA, INCLUÍDO HONORARIOS		130,97€

4. A Alcaldía do Concello de O INCIO, a través de escrito con RE nº 2020RPE007302 de data 18/06/2020 solicita:
- a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no PLAN ÚNICO, concretamente o investimento nº 134, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... por ser inviable a súa execución dacordo cos informes técnicos,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.
- b) Que para o financiamento do novo investimento se autorice a aplicación dos remanentes indicados, quedando financiado novo investimento do xeito indicado:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
O INCIO	134	PAVIMENTACIÓN DO VIAL BARDAOS- SANTALLA, INCLUÍDO HONORARIOS	--	34.696,36€	34.696,36€

5. Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

6. Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)
- Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevee colocar o cartel identificativo do investimento...”

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derogada), “... Aos interesados que non cumpran o disposto nos apartados anteriores se lles poderá declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, si se produce antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo”.. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite da adxudicación das obras incluídas no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN 2019, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de modificar os investimentos indicados, incluídos no Plan único 2019, do Concello indicado, e a achega a esta Deputación, debe entenderse presentadas e realizadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

8. *En relación coa adxudicación dos investimentos, toda vez que se substitúe un investimento, e que o prazo de adxudicación dos investimentos inicialmente incluídos xa transcorreu, compre fixar un novo prazo para adxudicar dito investimento, entendéndose suficiente conceder de prazo de adxudicación ata o 31-07-2020.*

Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2020, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2020, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

9. *Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2019.*

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de O INCIO, que se sinala, así como a financiación con cargo a remanentes e a nova data fixada para a adxudicación do mesmo, establecida no 31/07/2020, e que queda incluído no PLAN ÚNICO 2019.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

1.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O INCIO, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2019 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
O INCIO	134	PAVIMENTACIÓN DO VIAL BARDAOS- SANTALLA, INCLUÍDO HONORARIOS	--	34.696,36€	34.696,36€

2.- Financiar cos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos incluídos inicialmente, o incremento do investimento indicado respecto do inicialmente incluído no plan.

3.- Establecer como data límite para adxudicación deste investimento o 31/07/2020, e séndolle de aplicación os prazos establecidos nas bases do plan único 2019 no relativo á execución e xustificación.

4.- Someter esta modificación do Plan único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

5.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento e efectos expresados no acordo”..

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

6.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2020, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO, E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MESMA SE PROCEDE.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

O Pleno da Deputación en sesión ordinaria do 26.05.2020 aprobou inicialmente a “Modificación do Orzamento da Deputación de 2020, vía suplemento de crédito”. exposta ao

público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo anuncio no BOP nº 121, do 28.05.2020.

Dentro do prazo de exposición ao público presentouse alegación por Dona Mayra García Bermúdez, deputada delegada da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, en nome e representación do grupo provincial do PSdG-PSOE.

Á vista da mesma, e do informe de Intervención, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aceptar a alegación presentada por Dona Mayra García Bermúdez, deputada delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, en nome e representación do grupo provincial do PSdG-PSOE.

2º.- Aprobar definitivamente a “Modificación do Orzamento da Deputación de 2020, vía suplemento de crédito” co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias		Importes
1531.76201	Acceso ós núcleos de poboación, PU	5.800.000,00 €
1720.48911	Medio Ambiente, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	1.200,00 €
1720.789	Medio Ambiente, Transferencias de capital a entidades sen fins de lucro	36.611,57 €
2311.48911	Igualdade, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	44.850,00 €
2314.46201	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social, PU	1.800.000,00 €
2314.48911	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social	38.000,00 €
2410.46201	Fomento do Emprego, PU	2.671.617,15 €
2410.48911	Fomento do Emprego, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	83.000,00 €
2413.632	CENTRAD, Investimento de reposición e edificios e outras construcións	20.000,00 €

3261.48907	Ensinanzas Universitarias, C.A. UNED Lugo	1.500,00 €
3261.48911	Ensinanzas Universitarias, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	36.563,00 €
3340.76200	Promoción cultural, Transferencias de Capital a Concellos	120.000,00 €
3340.789	Promoción cultural, Transferencias de capital a entidades sen fins de lucro	55.000,00 €
3410.46200	Promoción e fomento do deporte, Transferencias correntes a Concellos	150.000,00 €
3410.76200	Promoción e fomento do deporte, Transferencias de Capital a Concellos	30.000,00 €
3420.632	Pazo Provincial dos Deportes, Investimento de reposición e edificios e outras construcións	10.000,00 €
3421.632	Escola de Piragüismo, Invest. de reposición e edificios e outras construcións	40.000,00 €
4120.622	Granxa Gayoso Castro, Investimento novo en edificios e outras construcións	10.000,00 €
4190.46200	Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca, Transf. correntes a Concellos	40.000,00 €
4190.76200	Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca, Transf. de capital a Concellos	540.600,00 €
4320.48910	Promoción Turística, Transferencias correntes	10.000,00 €
4320.48911	Promoción Turística, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	164.000,00 €
4330.48911	Desenv. Empresarial, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	122.000,00 €
4330.789	Desenv. Empresarial, Subv. Capital a fam. Inst. sen fins de lucro	36.907,92 €
4590.789	Outras infraest. de interese veciñal, Subv. Capital a fam. Inst. sen fins de lucro	42.324,30 €
9250.48911	Atención aos cidadáns, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	59.500,00 €
9250.789	Atención aos cidadáns, Subv. Capital a fam. Inst. sen fins de lucro	242.783,72 €
9420.46200	Transferencias Correntes a Entidades Locais Territoriais	185.000,00 €
9420.76200	Transferencias de Capital a Entidades Locais Territoriais	1.232.252,27 €
TOTAL		13.623.709,93 €

FINANCIAMENTO:

<u>Concepto Ingresos</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	13.623.709,93 €

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira, representantes do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.



Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Na sesión ordinaria celebrada o día 26 de maio de 2020 o Pleno da Deputación Provincial de Lugo adoptou o acordo de aprobar inicialmente unha modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito, para a cobertura de determinados gastos ós que se pretendía dar cobertura neste exercicio por entender que era necesario afrontalos dun xeito inmediato para atender ás necesidades específicas.

Esta posibilidade de modificación presupostaria é froito do esforzo de xestión e da decisión firme de colaborar na medida do posible coa dinamización da actividade económica na nosa provincia, que redundará de xeito seguro nunha mellora na calidade dos servizos prestados ós concellos e nunha mellor atención ós nosos veciños.

Entendemos que non se pode ter recursos ociosos mentres os veciños e veciñas da provincia teñen necesidades que estas actuacións pretenden precisamente mitigar. As circunstancias expostas reflicten o carácter urxente e que non se poida adiar a súa execución a exercicios orzamentarios posteriores. O contexto actual enmarcado na crise da Covid-19 afonda se cabe nesa necesidade.

Pese a que no momento da aprobación inicial xa se destinaba unha contía importante ó gasto relacionado coas transferencias a concellos e de apoio ós sectores máis afectados pola evolución das consecuencias económicas derivadas da crise sanitaria, a variabilidade da situación provoca que estimáramos conveniente presentar esta alegación que se propón para a súa aprobación, que precisamente o que considera máis axeitado é destinar un maior crédito ás axudas relacionadas co medio ambiente, a igualdade, o benestar social, a ensinanza universitaria, a promoción turística, e o desenvolvemento empresarial, todo elo para garantir e dar cobertura ós sectores máis castigados por esta pandemia sanitaria”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Presentan vostedes a este pleno un proxecto de orzamento no seu momento; logo presentan unha modificación do proxecto de orzamento vía suplemento de créditos; o 19 de xuño presentan unha alegación á modificación do proxecto de orzamentos; onte mesmo presentan vostedes unha nova redacción da alegación da modificación do proxecto de orzamentos.

Ningunha desas partidas, por moito que se insista nelo, parece estar pensada para afrontar a realidade do Covid-19, é un pouco ilóxico por exemplo pretender que facer reformas no Pazo ten relación co Covid-19, será en relación co pésimo mantemento das instalacións deportivas. E por certo xa lles vou adiantando que na miña opinión, que evidentemente só é a miña opinión, dez mil euros para todo o traballo que ten o señor Castro pendente no Pazo e nos seus anexos, unha de dúas, ou van facer coma sempre que é non tocar o traballo nin de lonxe, ou vai ter que pedir máis cartos.

Vostede na súa tometina de costume seguramente atopará verbas distintas para describir esta situación, pero o certo é que todas estas correccións, alegacións, novas redaccións, e modificacións, do proxecto dos orzamentos, non son máis có reflexo dun mal plantexamento, dunha escasa previsión, e da nula coordinación propia dos bipartitos de esquerdas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Algunha das afirmacións que fixo o Sr. Poy eu creo que son atribuíbles á súa falta de experiencia en xestión, porque redactar un orzamento é un documento vivo, e pasa en tódalas Administracións que hai modificacións e que se produzan cambios durante o ano é algo común nesta Institución, nalgún concello e en gobernos autonómicos; polo tanto demostra a súa inexperiencia, non pasa nada, todos temos que aprender.

E despois que fale das instalacións deportivas o Partido Popular cando a Deputación, sen ser o seu cometido, está a cubrir a falta de instalacións deportivas que hai nesta provincia, e nomeadamente e máis agudizadamente na cidade de Lugo, pois cando a Xunta faga a inversión que debería facer e constrúa instalacións ó mellor esa crítica podemosla comprar, pero que acuse á



Deputación cando vostedes non teñen ningunha, non fan ningunha inversión nin na cidade de Lugo nin en toda a provincia, e hai moitísimas necesidades; e agora salta con iso; sexan serios alo menos nas críticas, e deberían aplaudir o esforzo que fai esta Deputación, non agora senón en todo o tempo, en cubrir as eivas cando outras Administracións teñen a competencia.

Polo tanto nós moi orgullosos do que fai a área de deportes agora, na lexislatura pasada, e nas anteriores. E eu diríalle que vaian tomando nota se saben que hai eivas nas instalacións deportivas, e díganllo ós seus compañeiros, aínda que agora vai chegar tarde porque vai haber un goberno que invista no deporte de verdade”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra Garcia Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Nós temos claro o que necesita a nosa provincia e o que necesitan os nosos veciños. Cando vostedes din que isto é un mal plantexamento eu o que lle podo dicir é que precisamente co noso plantexamento o que fixemos foi adiantar un mes, porque hoxe traemos a este Pleno a aprobación definitiva, queda a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e este diñeiro xa estaría a disposición dos concellos e do tecido tanto empresarial como asociativo da nosa provincia.

Doutra forma, se esperásemos a ter un maior nivel de concreción desas partidas, aínda estaríamos agora coa aprobación inicial, teríamos que esperar un mes da fase de exposición ó público, e estaríamos retrasando desta forma que o diñeiro chegase con maior axilidade, que é o que pretendemos.

Obviamente, como dicía o compañeiro Efrén, prodúcense modificacións de crédito durante todo o ano en tódalas Administracións, porque o orzamento é unha previsión inicial que evidentemente varía ó longo do ano; nós non sabiamos que íamos ter esta crise santiaria, igual que non sabemos o que pode suceder en setembro. Polo tanto é moi frecuente en tódalas administracións públicas que durante o exercicio se produzan modificacións orzamentarias; neste caso o que estamos a facer é precisamente adiantar un mes”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“A intervención da deputada dona Mayra paréceme moi aceptable nos termos, nas formas, na concreción; podería discutir algunha das cousas que dixo pero non o vou facer porque non é plan de polemizar neste asunto.

Con respecto ó Sr. Castro, é certo que eu non teño tanta experiencia coma el por iso non levo aos plenos cousas como nacionalizar e a outros voto a favor de privatizar no meu concello. E con respecto ó tema das instalacións deportivas xuraría que a Xunta non pode construír nada mentres os concellos non poñan terreos a disposición; e que nesta mesma Deputación aprobamos hai non tanto tempo como para que se esquecera, unha proposta para construír un pavillón novo na cidade de Lugo, e non teño moi claro se avanzou algo no tema, ou se se puxo en contacto con alguén, ou fixo algún movemento.

En todo caso en galego “mercamos” non “compramos”, menos defender o galego nas palabras e nos xestos e un pouco máis de falalo con corrección”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Non sei se o que quere dicir o Sr. Poy é que a Xunta está disposta a investir en instalacións deportivas nos concellos e os concellos non se enteraron, cousa que sería rara porque eu podo traerlle unha listaxe de concellos que cederían os terreos e o que fixera falta, pero o que reciben e un non da Xunta, porque non hai un duro para instalacións deportivas, e isto non vén de agora senón que vén de once anos de goberno de Feijóo.

Polo tanto non sei se é o que quixo dicir ou non, pero pareceríame raro que se a Xunta está disposta a investir os concellos se neguen, porque eu ese caso non o vin nin en deportes nin en ningunha outra cousa”.



Intervén a Sra. Deputada dona Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Pouco máis que engadir; simplemente dicir que o que se presenta é precisamente para poñer canto antes este diñeiro a disposición dos veciños da nosa provincia e dos concellos para que poidan entre todos atender ás necesidades dos lucenses”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

--oo0oo--

7.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA UN PLAN DE REACTIVACIÓN PARA O SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO.

Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de goberno para reclamar á Xunta un Plan de Reactivación para o sector audiovisual galego.

Nos últimos anos, o sector audiovisual galego ten acadado un importante crecemento tanto no que fai ás súas cifras económicas e de xeración de emprego, como na súa capacidade para xerar cultura e acadar mercados de proxección internacional. O talento dos creadores galegos e a profesionalidade do sector lle teñen permitido aproveitar no seu favor as novas dinámicas de consumo de produtos audiovisuais derivadas da xeneralización das novas tecnoloxías e as novas plataformas de televisión.

Da man dos nosos actores e actrices, de produtores, guionistas, directores e, en definitiva, de todo o conxunto de traballadores e traballadoras do sector, os documentais e a ficción galegos, en forma de longametraxe ou series por capítulos, triunfan hoxe nun mercado global. Por poñer só algúns exemplos ligados á nosa provincia, o talento dos irmáns Coira atópase detrás da exitosa serie “Hierro”. Lugo é tamén unha presenza constante en “O sabor das margaritas”, a primeira serie rodada en galego que chega á plataforma Netflix, serie que foi subtitulada en máis de 30 idiomas e que acadou un especial seguimento en Irlanda e Gran Bretaña. E o talento de Oliver Laxe e a súa equipa levou a beleza dos Ancares e a vida rural galega ó triunfo no festival de Cannes e nos pasados premios Goya.

Esta boa marcha do audiovisual galego viuse interrompida pola pegada do covid-19, que obrigou a paralizar dun xeito completo as rodaxes en marcha e a atrasar sen unha data clara de comezo proxectos pendentes. Ó custo económico dos investimentos perdidos e dos atrasos, súmase o incremento nos custos que as novas medidas sanitarias incorporarán ás rodaxes. Por iso o sector audiovisual ten reclamado das autoridades autonómicas medidas que axuden a paliar estes efectos negativos, recuperar ou paliar as perdas e reactivar ás rodaxes na nova normalidade.

A principios do mes de maio, a Xunta presentaba o seu “Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19”. O plan recollería, segundo a propia Xunta, un 70% das 170 medidas aportadas por profesionais de los sectores cultural y turístico ó longo de 65 reunións. Pero como adoita suceder, as cifras que presenta a Xunta son a cortina de fume que agocha unha realidade ben diferente.

Diferentes colectivos do mundo cultural acusaron ás medidas de xenéricas e ó plan, no seu conxunto, de estar volcado cara o sector turístico e de dar un protagonismo excesivo ó Camiño de Santiago e o Xacobeo, esquecendo as necesidades doutros sectores turísticos. En lugar de xerar sinerxías e complementariedade, o Plan deseñado pola Xunta parece querer dividir ós profesionais e ás empresas.

No que fai ó sector audiovisual, o Plan de reactivación da Xunta ten xerado un rexeitamento case que unánime, como quedou recollido nun documento asinado polas asociacións



máis representativas do sector. A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), Academia Galega do Audiovisual (AGA), Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG), Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI), Asociación Galega de Profesionais da Dirección e a Realización (CREA), Coordinadora Galega de Festivais de Cinema (PROXECTA), e o Clúster Audiovisual Galego (CLA) rexeitaron o plan da Xunta porque, ó seu xuízo, non recollía ningunha das medidas propostas, presentaba como novidades liñas de subvención xa existentes e amosaba un descoñecemento das cifras reais do sector audiovisual galego.

No devandito comunicado, ás asociacións reiteraban a necesidade de artellar un fondo de rescate para compensar perdas nas rodaxes interrompidas e na distribución de filmes, novas axudas para compensar o custo económico de adaptar as rodaxes ás novas condicións sanitarias e a creación dunha Film Comission Galega para deseñar políticas que consoliden a Galicia como un estudio de gravación de rodaxe capaz de atraer proxectos internacionais

Polo exposto con anterioridade, propoñemos a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1. Mostrar o apoio da Deputación de Lugo ás demandas formuladas polas asociacións e profesionais do sector audiovisual que consideran insuficiente o “Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19”.
2. Reclamar á Xunta de Galicia a reformulación, na súa totalidade, do actual “Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19”, por entender que non cumpre cos seus obxectivos e ignora as recomendacións amosadas polos profesionais consultados.
3. Reclamar á Xunta de Galicia o deseño dun plan de reactivación integral específico do sector audiovisual, e enmarcado na reactivación do conxunto do sector cultural, que teña en conta as reclamacións formuladas polo sector, entre elas:
 - A creación dunha liña de axudas ou rescate específico para paliar as perdas xeradas pola interrupción das rodaxes en marcha.

- O deseño de axudas destinadas a aquelas producións ou películas xa rematadas que viron interrompida a súa distribución por mor do covid.
- O incremento das axudas existentes ou a creación de novas axudas que teñan en conta o incremento orzamentario que terán que asumir as novas rodaxes para adaptarse ás novas condicións sanitarias.
- A creación dunha Film Comission Galega que actúe para coordinar accións e atraer rodaxes internacionais. Entendemos que este organismo ten que contar coa presenza das asociacións profesionais pero tamén das administracións locais, xa que son os concellos os que acollen as rodaxes

4. Reclamar á Xunta de Galicia que elabore plans sectoriais específicos, con medidas concretas de reactivación que recollan as necesidades específicas dos distintos eidos:

- Do sector turístico (Xacobeo; turismo de praia, turismo gastronómico y enoturismo, turismo activo e de natureza, turismo rural, etc.)
- Do sector cultural (sector editorial, salas de concertos e música en vivo, teatro, danza, etc)”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Nos últimos anos, o sector audiovisual galego acadou un importante crecemento tanto no que se refire ás cifras económicas, tamén ás de xeración de emprego, e tamén á capacidade para xerar cultura e acadar mercados de proxección internacional. O talento dos creadores e creadoras galegos e galegas e a súa profesionalidade neste sector teñen permitido aproveitar no seu favor as novas dinámicas de consumo de produtos audiovisuais derivadas da xeneralización das novas tecnoloxías e as novas plataformas de televisión.

Da man dos nosos actores e actrices, de produtores, guionistas, directores e, en definitiva, de todo o conxunto de traballadores e traballadoras do sector, os documentais e a ficción galegos, en forma de longametraxe ou series por capítulos, triunfan hoxe nun mercado global. Por poñer só algúns exemplos ligados á nosa provincia, o talento dos irmáns Coira atópase detrás da exitosa



serie “Hierro”. Lugo é tamén unha presenza constante en “O sabor das margaridas”, a primeira serie rodada en galego que chega á plataforma Netflix, serie que foi subtitulada en máis de 30 idiomas e que acadou un especial seguimento en Irlanda e Gran Bretaña.

Non podemos pasar sen falar do talento de Oliver Laxe e o seu equipo que levou a beleza dos Ancares e a vida rural galega ó triunfo no festival de Cannes e nos pasados premios Goya, talento que por certo a Xunta de Galicia lamentablemente non lle soubo recoñecer nas medallas Castelao deste ano. Pelerinaxes, Gaitafilmes, produtora afincada en Meira que acadou o éxito con *dhogs*, e outras moitas das que poderíamos falar, ademáis de todos aqueles que se achegan á nosa provincia a gravar nas magníficas paisaxes que temos

Esta boa marcha do audiovisual galego viuse interrompida pola chegada do covid-19, que obrigou a paralizar dun xeito completo as rodaxes en marcha e a atrasar sen unha data clara de comezo os proxectos pendentes. Ó custo económico dos investimentos perdidos e dos atrasos súmase o incremento nos custos que as novas medidas sanitarias incorporan ás rodaxes. Por iso o sector audiovisual ten reclamado das autoridades autonómicas medidas que axuden a paliar estes efectos negativos, a recuperar ou a paliar tamén as perdas e reactivar as rodaxes na nova normalidade.

A principios do mes de maio vimos como a Xunta presentaba o seu “Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19”. O plan recollía, segundo a propia Xunta, un 70% das 170 medidas aportadas por profesionais dos sectores cultural e turístico ó longo de 65 reunións. Pero como adoita suceder, as cifras que presenta a Xunta de Galicia son a cortina de fume que agocha unha realidade ben diferente.

Así, diferentes colectivos do mundo cultural acusaron ás medidas de xenéricas e ó plan, no seu conxunto, primeiro de esquecer as necesidades doutros sectores turísticos que van máis aló do Camiño de Santiago e o Xacobeo 2021, e segundo de xerar sinerxías e complementariedade, ó revés, un Plan deseñado pola Xunta que quería dividir ós profesionais e ás empresas, en ningún momento creaba esas sinerxias positivas que se complementasen.

No tocante ó sector audiovisual, o Plan de reactivación da Xunta ten xerado un rexeitamento practicamente unánime, como quedou recollido no documento asinado polas asociacións máis representativas do sector en toda Galicia. Fálolles da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Academia Galega do Audiovisual, Asociación Sindical Galega de Guionistas, Asociación Galega de Produtoras Independentes, Asociación Galega de Profesionais da Dirección e a Realización, Coordinadora Galega de Festivais de Cinema, e o Clúster Audiovisual Galego, todos eles rexeitaron o plan da Xunta porque, ó seu xuízo, non recollía ningunha das medidas propostas, presentaba unicamente como novidades liñas de subvención xa existentes e amosaba un descoñecemento das cifras reais do sector audiovisual galego.

Nese comunicado estes colectivos reiteraban a necesidade de artellar un fondo de rescate para compensar perdas nas rodaxes interrompidas e na distribución de filmes, novas axudas para compensar o custo económico de adaptar as rodaxes ás novas condicións sanitarias, e tamén a creación dunha Film Comission Galega para deseñar políticas que consoliden a Galicia como un estudio de gravación de rodaxe capaz de atraer proxectos internacionais. Por certo, a Generalitat de Cataluña e o goberno vasco, ó que tanto lle gusta semellarse a Feijóo, teñen asinados convenios para o subtítulado de series de éxito; porque a Xunta de Galicia non ten asinado aínda este tipo de convenios coas grandes plataformas?.

Polo que lles acabo de dicir traemos a este Pleno esas propostas que recollemos, saídas das que facían os colectivos e que lle fixeron chegar á Xunta de Galicia que non quixo recoller nese documento, e que nos gustaría contasen co seu apoio para seguir defendendo e apostando por un sector que vai en aumento, que xera economía, e que del se desprenden moitos postos de traballo na nosa Comunidade, e de forma singular na nosa provincia”.

Dado que pola Presidencia se concede o turno de palabra ao Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Día, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, por parte do Sr. Baamonde maniféstase á Presidencia que entende que o turno lle correspondería ao BNG por tratarse dunha proposta de goberno.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:



“Déixeme que o Pleno o dirixa eu. Polo tanto é unha proposta de goberno, esta vez a expón o Grupo Provincial Socialista, outras veces será o Grupo do BNG; en todo caso iso compételle a quen dirixe o órgano, neste caso á miña persoa. Polo tanto se vostede quere renunciar ó turno non hai ningún problema, pero ten agora a oportunidade de falar, senón non a terá. Así que polo tanto ten a palabra por un tempo de seis minutos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A verdade é que todos estamos de acordo en que o sector audiovisual ten unha transcendencia extraordinaria para Galicia pola afirmación da identidade, a defensa das súas tradicións, da lingua, da innovación tecnolóxica que representa, e o importante sector industrial que move. Polo tanto o lóxico sería que cando se presenta unha iniciativa de apoio a ese sector se acadara fácilmente un acordo unánime ó respecto.

Pero o que ocorre, e agora mesmo o acabamos de ver coa decisión do Sr. Presidente, que vostedes son uns grandes distorsionadores da realidade, uns grandes fabuladores. Utilizan a vella táctica de distorsionar a realidade para traer a colación non un plan de apoio ó sector audiovisual senón un plan de confrontación; un plan que trata de tapar as súas carencias en relación coa actuación con respecto do Covid, como xa fixeron no pleno pasado co plan de reactivación tanto de Lugo como de Galicia.

Cunqueiro, que era un gran fabulador, dicíase del que nunca se sabía cando contaba verdades falsas ou cando contaba mentiras certas, e a vostedes tamén lles gusta moito disfrazar a realidade, a verdade é que nunca se sabe se son ovellas disfrazadas de lobos ou lobos disfrazados de ovellas. O que ocorre é que no caso de Cunqueiro era imposible distinguir ata onde chegaba a fabulación, en cambio no caso de vostedes hai algo moi claro, moi certo, e é que sempre se confunden de disfraz, cando teñen que ser pacíficos, acougados, remar cos demais na defensa dos intereses de Galicia normalmente aparecen como lobos feroces, o que lles pasa cada vez que teñen relación coas actuacións da Xunta de Galicia; en cambio cando deberan ser lobos feroces na defensa deses intereses de Galicia aparecen como apacibles ovellas no prado do Goberno, por exemplo cando lles preguntan de Alcoa ou cando lles preguntan da central térmica de As Pontes.

Está claro que a vostedes non lles gusta o plan de reactivación do sector turístico e cultural elaborado pola Xunta de Galicia, non só non lles gusta senón que tratan de desvirtualo por completo. E miren, o plan da Xunta claro que é susceptible de mellora, pero é un plan que tamén ten virtudes importantes, Galicia foi a primeira Comunidade que aprobou un plan destas características, con moita antelación por certo ó Goberno Central; un plan elaborado cun consenso social moi amplo, 65 encontros con 231 axentes sectoriais, 170 propostas das que o 70% delas foron incluídas no plan; 147 medidas que buscan o mantemento do emprego, a reactivación económica, e a inxección de liquidez.

Non é un plan pechado, é un plan que foi elaborado concebido como un plan de choque para dar resposta inmediata a unha situación de emerxencia, pero que lóxicamente debe ser complementado e debe ser mellorado, a propia Xunta de Galicia así o fixo e da asignación inicial de vinte millóns de euros pasou a actual de cincuenta millóns de euros.

É un plan mellorable, é lóxico que o sector teña demandas ó respecto pero, dúas precisións; hai que adecuar as actuacións ós recursos dispoñibles, o propio Goberno Central nos seus plans de reactivación para a loita contra o Covid se está atopando coas reivindicacións e as reclamacións de tódolos colectivos afectados en demanda de máis recursos; esta propia Institución tamén tivo que escoitar as reclamacións de moitos Alcaldes de moitos concellos do propio Grupo Popular, demandando máis recursos para reactivar esa economía; lóxicamente hai que actuar en función dos recursos.

E por outra parte o plan da Xunta pode ser un punto de partida, pero evidentemente non é tampouco un plan para resolver os problemas de conxunto do sector, que necesitan seguramente un debate moito máis amplo do que este plan representa porque, aparte de todas esas medidas ás que se fai referencia na iniciativa, que son medidas plantexadas polo sector, lóxicamente habería que abrir un debate máis amplo sobre cuestións transcendentais, por exemplo as vías de financiación e de supervivencia do propio sector máis aló da financiación a través de subvención das Administracións Públicas; a creación e consolidación dunha auténtica actividade industrial arredor deste sector audiovisual.



E non me digan que vostedes recollen as iniciativas do sector, non, vostedes o que fan é aproveitar a reivindicación do sector para facer un plan de confrontación e de loita contra a Xunta de Galicia, para tapar as carencias que vostedes teñen na actuación co Covid, que a única que fixeron polo de agora é a do Plan Único.

Polo tanto se vostedes queren facer unha declaración conxunta de apoio ó sector para paliar as graves consecuencias do Covid nun sector que foi o primeiro que tivo que pechar e dos últimos que seguramente se abrirá, e que ten danos moi importantes, aí terán o noso apoio, pero se o que queren é confrontar e pelexar coa Xunta de Galicia, pois, como dicía aquel humorista, “ir pa ná” non merece a pena e nós nese caso estaremos en contra desta iniciativa que se propón”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“É raro que confronte así co sector audiovisual porque polo que vén gústalles facer películas incluso cunha cousa tan nímia como é o turno de intervención.

O señor Baamonde dinos unhas cousas que son moi complexas de que a xente comprenda; fala dun montón de reunións co sector, que eu non as dubido e non digo que non se produciran, pero reuníronse e en canto presenta a Xunta non tarda nin un día o sector en sair dicir que non se contemplaron as peticións que facían; eu pódolle comprar que se reuniran pero ou non se reuniron co sector ou non lle fixeron nin caso, porque a mín a telepropaganda da Xunta saíndo co 70% das propostas e están incluídas, eu fíome moito máis dos axentes sociais de calquera sector, e neste caso do sector audiovisual.

E vostedes, a dereita, e moitos máis, agora os seus socios de goberno, sempre miraron con recelo ó sector audiovisual, con ese rolo de chamarlle “rojos”, sempre os miraron con recelo, non son os seus amigos e nunca traballaron por iso. Ademáis hai outra cousa que lles molesta, hai moitos países que aproveitan o setor audiovisual, entre eles Estados Unidos e outros, para marcar país, para atraer turismo e para xerar economía, e a vostedes iso ideolóxicamente non é o que máis lles gusta.

Entonces danse aí varios choques, non son os seus amigos, moito menos non son os amigos dos seus compañeiros de goberno, que xa os tildan e os insultan públicamente en calquera actuación, e polo tanto confrontan; non é este goberno da Deputación o que confronta coa Xunta de Galicia senón que é o setor audiovisual que lles está dicindo que non están tomando as medidas adecuadas para salvar o sector. Non somos nós, non inventamos nada, aquí facemos de altofalantes das reivindicacións do sector, e vostedes non o escoitaron; puidéronse reunir, pero reunirse con alguén e non escoitalo é o mesmo. Entonces claro, vostedes sempre van mellor con outros sectores que son máis amigos dos seus gobernos.

En canto á confrontación, é o Presidente da Xunta o que confronta co sector, é a Xunta de Galicia a que o abandona. Esta é unha reivindicación que fixeron pública e que nos piden ós Grupos que a transmitamos e que loitemos para que a Xunta de Galicia os escoite. Claro, vostedes prefiren que pactemos unha declaración que todos somos moi bos e que imos salvar o sector, pero o que é verdade é que vostedes están gobernando na Xunta de Galicia e non o fixeron; e a oposición ten que defender os setores produtivos deste país, e un con moito futuro é o sector audiovisual, que está medrando moitísimo e que estamos sendo punteiros a nivel mundial en creación, e vostedes non están á altura; non veña con que vimos aquí confrontar, confrontan vostedes co sector.

Pero eu entendo que co estilo de telepredicador do Presidente Feijóo vostedes se cren as homilías, pero a xente non llas está comprando; e nós, tanto o BNG coma o PSOE temos que levar a voz deses setores e dicírllelo. Vostedes están moi contentos con ese documento pero o sector non o aceptou, polo tanto traballen para salvar os setores produtivos de Galicia, que non o están a facer”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Non é que a nós non nos guste este plan que presentou a Xunta, é que non cobre as necesidades do sector audiovisual. E é unha mágoa que vostedes aquí, igual que lle acontece á Xunta de Galicia e ó Sr. Feijóo, non saiban ou non queiran escoitar a este sector neste caso, porque, repito, non somos nós senón que é o sector audiovisual, vostede o acaba de dicir, case que



duascentas propostas o 70% aceptado, e nin unha soa do sector audiovisual aceptada?, iso é o consenso do que presumen?; eu o certo é que non acabo de enténdelo.

O certo é que vostede nos di o que hai que facer para apoiar ó sector, acada de dicilo aquí señor Baamonde, pero nin apoian aberta e claramente a proposta que recolle as necesidades do sector audiovisual practicamente na súa totalidade, nin o fixo o seu Partido á fronte da Xunta de Galicia durante once anos que levan gobernando.

Eu supoño que vostedes estarían máis cómodos hai uns anos cando as produtoras, os guionistas, os directores, os actores, as actrices, só contaban coa TVG como canle no que dar saída ó seu talento, unha canle que era un réxime posto ó servizo dun imaxinario dun Partido único, unha concepción do audiovisual coma unha ferramenta política, na que se reflectían as historias dunha Galicia acorde cos criterios do Partido Popular, no que atopaban unha vía de chegada ó público para comunicar única e exclusivamente a mensaxe que a vostedes lles interesaba. E os proxectos que non se acomodaban a esta fórmula, á súa visión como Partido, eran rexeitados ou quedaban no limbo.

Agora hai unha nova situación, hai un mercado libre, hai un mercado profesional, hai un mercado aberto, e os profesionais pídenlle ó Partido Popular, que é quen estivo gobernado durante estes anos na Xunta de Galicia, axudas e apoios establecidos con criterios profesionais, e vostedes, o Partido Popular, non lles dan resposta, simplemente porque non lles interesa. Esa é a realidade, a verdade sobre as súas políticas reflectidas neste documento do audiovisual galego.

Poderíamos entrar en moitos detalles, na páxina 44 onde din que o que hai que facer é posponer as accións que se ían desenvolver, claro, o de marzo pasa a outubro, e o de outubro que pasa ó ano 21?, e se volve o Covid xa non hai 21?. Temos que ser máis rigorosos con todo o que facemos, e non vender fume ó igual que fixeron co Plan Ribeira Sacra; o que teñen é que desenvolver novas políticas adaptadas ás novas necesidades e ós novos tempos, e non o fixeron durante estes once anos de goberno”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Pois seguindo a orde de intervención, señor Castro, permítame dicirlle unha cousa; di vostede que nós consideramos roxos ós señores e señoras do setor audiovisual, iso dio vostede non o digo eu; nós non facemos cuestión ideolóxica do sector, non facemos cuestión ideolóxica por elemental respecto á propia pluralidade do sector en cuestión, onde os profesionais que o compoñen teñen liberdade para ser roxos, para ser azuis, para ser arco iris, para manifestar as súas ideas en absoluta liberdade. E facémolo tamén por respecto a un sector que ten como bandeira a creación; e, señor Castro, sabe vostede perfectamente que a creación é independente da adscripción persoal das persoas que a levan a cabo. Polo tanto nós non falamos neste caso de cores.

En canto á intervención da voceira do Grupo Socialista, recordarlle señora Porto aquilo tan antigo de que *“nada es verdad ni es mentira, todo es según el color del cristal con que se mira”*. Di vostede que nós confrontamos co sector, din vostedes que o sector se enfada con nós; señora Porto, vostede ve a palla no ollo alleo e non ve a viga no propio, o plan da Xunta é moi anterior ó plan do Goberno Central, o plan do Goberno Central elaborado con bastante retraso, despois das durísias críticas recibidas polo propio sector, é un plan pobre, é un plan miserable, é un plan que foi acollido tamén con multitude de críticas polos propios sectores culturais afectados polo mesmo; un plan cun investimento bastante menor proporcionalmente falando, que o da Xunta; un plan que máis ca inversións reais o que fai é adoptar medidas de financiación; un plan centrado unicamente no apoio ás grandes industrias culturais.

Pero permítame, para facer a crítica ó que vostede me di, que non utilice as miñas propias palabras, utilizo as palabras dun profesional moi coñecido dese sector, Juan Echanove, que dicía aquilo de que *“el que no defiende el sector, y el que no conoce ese sector, ese que se quede en el camino”*; non eran palabras dirixidas ó Conselleiro de Cultura nin ó Presidente da Xunta de Galicia, eran palabras dirixidas ó Ministro de Cultura, eran palabras dirixidas ó goberno socialista; señora Porto, aplíquese o conto, se non coñecen o sector, se non se implican no sector, queden no camiño.

Eu insisto, perderon vostedes unha oportunidade formidable de poder mostrar o apoio ó sector audiovisual cun plan de recuperación que sexa un plan de consenso, un plan de apoio; queren vostedes unicamente enfrontarse á Xunta de Galicia, e queren vostedes tapar a miseria da



sua propia actuación na reactivación respecto do Covid que se reduce única e exclusivamente ó Plan Único, onde por certo fan o vello truco de que vostedes financian e os concellos pagan”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Señor Baamonde, o sectarismo da dereita e da ultradereita é público, o sector leva recibindo insultos, ó mellor non directamente do Partido Popular pero si do seu entorno e si moi claramente dos seus socios de goberno no Estado español, porque para mín “roxo” non é un insulto, eles dino de xeito despectivo, igual ca titiriteros, etc., iso é público non é que o diga eu, senón que o fan diante de cámaras e micrófonos.

Despois, o sectarismo da Xunta tamén é público pódeme dicir cantos venres negros levan os traballadores da CRTVG?, e acusándoos de sectaristas ideolóxicos; pois iso aplícano a todo na política da Xunta de Galicia, a Xunta é sectaria en todo, eo ata no máis sagrado que son os medios de comunicación pública e teñen ós traballadores en guerra; tamén lles pasou no plan co sector cultural, din que se reuniron e presentan un plan que só axuda a unha pequena parte que curiosamente son os seus amigos, e esquecen ós pequenos e ós que poñen os medios técnicos, sempre lles pasa.

E nisto é o mesmo, fan unha propaganda, como teñen a Televisión de Galicia sae alí o telePresidente dicindo que bos son e que fixeron un plan excepcional, pero despois resulta que o sector non llelo compra; porqué o sector confronta coa Xunta?, explíquennolo, porque se lles gustara a proposta créanme que ían sair aplaudindo, pero se protestan é porque non soluciona os problemas, adiar o traballo non soluciona os problemas. Que pasa cos que non teñen ERTes?, como se soluciona iso?, díganos, e vostedes só gobernan a golpe de publicidade, de manobras publicitarias baleiras, e despois teñen que sair os axentes sociais a criticalos, e nós como Partido Políticos temos que estar do lado deles porque ademáis teñen razón, a vostedes só lles gusta saír ó lado dos éxitos e facerse unha foto bonita, e o telePresidente.

E porque nunha proposta do sector audiovisual galego fálame de Juan Echanove e do Ministro?, estamos a falar do sector do audiovisual galego, terán que gobernar; eu podo compartir

con vostedes cousas que fai mal o Estado español, pero porque sacan sempre iso?, para tapar o que fai mal o Presidente da Xunta?; eu creo que quen ten que defender o setor audiovisual galego é a Xunta de Galicia; e non creo que sexa Juan Echanove o que mellor coñeza o setor audiovisual galego, ó mellor hai persoas neste país que traballan nel e que o coñecen mellor ca Juan Echanove, do que non teño nada en contra.

Pero póñanse a traballar e a defender tódolos setores produtivos deste país”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“A verdade é que a intervención do Sr. Baamonde non sorprende porque pretende coma sempre poñer o punto de mira en varios obxectivos todos eles diferentes daquel que é obxecto de debate deste punto.

Pero mire, o Plan fixérono vostedes, e decorárono, e levan once anos na Xunta de Galicia, polo tanto non nos veña dicir aquí que por sumarnos a unha reivindicación do sector audiovisual non estamos facendo o que debemos; que deberíamos elaborar un plan, iso a partires do día 12 cando se governe, mentres tanto os deberes tívoos durante once anos enriba da mesa o Sr. Feijóo; pero o audiovisual, e concordo co compañeiro Efrén, non é o sector máis querido do Partido Popular.

Tamén di vostede que nós financiamos, e iso é algo malo?, é algo malo financiar e axudar?, dende logo é moitísimo máis do que fai a Xunta de Galicia”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.



8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE A MELLORA DAS RESIDENCIAS DA TERCEIRA IDADE E DA ATENCIÓN SANITARIA TRAS A EPIDEMIA DO COVID-19.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista sobre a mellora das residencias da terceira idade e da atención sanitaria tras a epidemia do Covid-19.

A epidemia do covid-19 ven de poñer de manifesto os defectos do modelo de residencias de atención a persoas maiores deseñado polo goberno do Partido Popular. Un modelo baseado nun réxime de xestión privada no que á deficiente redacción dos pregos de concesión se suma a falta dun servizo efectivo de inspección que garanta o mantemento da boa atención ás persoas residentes, así como as adecuadas condicións laborais do persoal destes centros.

A pandemia rexistrou, desgraciadamente, unha maior incidencia entre os maiores das residencias, que na meirande parte dos casos non contaron cunha axeitada asistencia sanitaria. O criterio de non trasladar ós maiores ás UCIs non se viu complementado cun reforzo ou unha dotación específica de máis persoal médico para as residencias da terceira idade.

Así mesmo, a pandemia revelou unha cadea de irregularidades en centros situados en A Fonsagrada, en Cangas ou en Ourense. Irregularidades que acadaban consecuencias máis dramáticas nese momento, pero que non se derivaban da excepcionalidade xerada pola Covid, senón que puñan de manifesto os erros de concepción do sistema. Un modelo no que se aposta por unha privatización do sistema (o 77% da xestión das prazas).

Un modelo marcado pola falta de empatía que revelan declaracións como as feitas polo subdirector da Inspección de Servicios Sociais da Xunta, Fernando González á axencia Europa Press en abril e recollidas por varios medios: “as residencias non son hospitais...teñen as súas

instalacións e persoal con características propias do que son, centros para que os maiores poidan vivir”.

En condicións normais, sería unha obviedade dicir que as residencias non son hospitais. No contexto da epidemia, o significado desta frase acada outro valor se temos en conta que os protocolos do Sergas incluíron a exclusión da hospitalización para persoas con dependencia severa e gran dependencia. É certo que a triaxe, os criterios de inclusión ou non en UCIs, fanse de acordo con criterios médicos. Pero e que a administración da Xunta non se limitou a vedar o ingreso hospitalario de moitos maiores, tampouco lles achegou atención médica sanitaria específica as residencias.

Se ante a chegada dunha epidemia se decide non levar ós maiores ás UCIs; se non se artella atención médica específica para as residencias; que vida lle espera a eses maiores e ó persoal que os cuida? A resposta, tristemente, nola deron as estatísticas de falecementos. A resposta e que un número de galegos e galegas viron conculcado o seu dereito básico á recibir atención médica.

Dende o Grupo Socialista da Deputación de Lugo contemplamos con asombro como as autoridades autonómicas rexeitaron a oferta de prazas para ingresar na residencia pública da Fonsagrada ós maiores vítimas dunha situación de risco. En lugar diso, eran trasladados, innecesariamente, a 200 quilómetros do seu fogar. A oferta feita polo presidente da Deputación á Xunta o 16 de abril segue a data de hoxe sen resposta, e foron as familias dos afectados quen tiveron que negociar, directamente e sen o respaldo da Xunta, o traslado dos seus maiores á residencia pública.

Un relato pormenorizado da situación dos maiores internados nas residencias durante a pandemia, e da inqueda das súas familias, obrigaría a estender máis do razoable o texto dunha moción, pero a necesidade de sintetizar non é o mesmo que esquecer. Non podemos esquecer o abandono dos maiores. Non podemos esquecer a inqueda das súas familias. Non podemos esquecer ó persoal das residencias que traballou sen equipos de protección. Non podemos esquecer ós médicos que non puideron atender ós maiores.

Non podemos esquecer que a Xunta non tivo en conta os datos recollidos nos informes do Consello de Contas, que no 2018 falaba de cadros de persoal desfasados, persoal médico que figura como voluntario e non como contratado ou profesionais que se ven obrigados a desenvolver funcións para as que non conta con formación.

Por iso, dende o Grupo Socialista queremos reivindicar a necesidade dun novo modelo asistencial para maiores e persoas dependentes. Un modelo público, baseado na calidade e na proximidade. Un modelo no que se achegan as residencias ós maiores, para que estes podan permanecer no seu entorno, preto das súas familias. Un modelo como o que a Deputación ten impulsado na Fonsagrada, Meira, Ribadeo, Trabada ou Pol, e que chegará tamén a Guitiriz, Pedrafita e Castroverde. Un modelo cunha carga de traballo racional, no que se contemplan unhas ratios adecuadas de cada categoría de persoal en función do número de residentes.

Tras o paso da Covid, o Grupo Provincial Socialista quere amosar unha vez máis o seu apoio ós profesionais da sanidade pública galega e o recoñecemento do traballo desenvolvido polos profesionais das residencias da terceira idade. Un traballo que, en moitos casos, non se desenvolve no marco profesional que sería aconsellable e que, durante a pandemia, supuxo un risco para a súa propia saúde.

E sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia a deseñar un Plan de Mellora das Residencias de maiores que inclúa un Plan de asistencia sanitaria para ós maiores residentes, có obxectivo de afrontar posibles rebrotes da epidemia da covid, e que contemple os seguintes puntos:

- O encargo dunha auditoría independente que avalíe a situación das residencias das persoas maiores e consten as accións realizadas nas residencias durante a pandemia, os expedientes abertos e as sancións aplicadas en caso de incumprimento.
- A posta en marcha dun Plan Estratéxico de Residencias de Maiores que inclúa as recomendacións formuladas polos informes do Consello de Contas así como os resultados da devandita auditoría e que recolla, polo menos, os seguintes puntos:

- A garantía dun servizo de inspección eficaz e rigoroso para o seguimento dos servizos ofrecidos nas residencias, de xeito que aseguren o cumprimento dos criterios de atención, asistencia médica, hixiene e, en xeral, os diferentes protocolos sociosanitarios axeitados ás necesidades das persoas usuarias
- A revisión das condicións laborais, carga de traballo e adecuada asignación de tarefas do persoal das residencias, adecuando as ratios persoal/usuario e garantindo a correcta relación entre a formación do persoal e a tarefa a desenvolver.
- Diversificar a oferta residencial para persoas maiores, favorecendo a creación de micro residencias, vivendas comunitarias, vivendas compartidas e centros comarcais, favorecendo a atención a maiores no ámbito rural e súa permanencia no seu entorno vital
- O deseño, en colaboración co Sergas dun plan de atención sanitaria específico para a poboación ingresada en residencias de cara a posibles novas vagas da covid. Este plan deberá contemplar:
 - a creación de equipos médicos específicos que se despracen ás residencias en caso de necesidade, sen deixar desatendidos os PACs
 - a instalación de hospitais provisionais específicos que podan atender ós maiores en caso de que a situación ou os expertos o aconsellen
 - dotar ós profesionais das residencias de maiores de equipos de protección e realizar probas PCR ó persoal e ós internos.
- Instar á Xunta de Galicia a que deseñe e poña en marcha un plan de reforzo da sanidade pública que teña en conta a posibilidade dun posible rebrote da pandemia nun futuro que inclúa:
 - Medidas de reforzo de persoal nos centros sanitarios, dun xeito especial no que fai á Atención Primaria, cunha axeitada dotación de médicos, enfermeiros e persoal auxiliar.
 - O deseño dun plan específico que cubra os desprazamentos de persoal médico ós fogares de afectados que permanecen nas súas casas durante a enfermidade, para que estes desprazamentos non deixen servizos sen cubrir, como ten acontecido en moitos PAC.
 - Un plan específico de reforzo para as UCIs, que contemple tanto as necesidades de persoal, necesidade de camas suplementarias, dispoñibilidade de material sanitario e de protección ou respiradoiros.



- O fin do modelo de precarización nos contratos que leva a que, mesmo no medio da crise, se sigan firmando contratos por días.
- A posta en marcha dende o primeiro momento dun número de consulta sanitaria gratuíta que poda responder ás dúbidas dos cidadáns. Poñer en marcha accións concretas para reverter a política de perda de servizos sanitarios do rural, poñendo en marcha medidas que permitan deseñar un mapa sanitario racional, que prime a igualdade na prestación de servizos en todo o territorio.
- A posta en marcha dun número de consulta gratuíto que facilite información, puntual e transparente, ás familias dos maiores internados nas residencias, para que non volvan a darse as situacións de falta de información e opacidade que vimos nesta crise do Covid
- Ampliar e renovar a Carta de Servizos de Atención á Dependencia, incrementando e diversificando os mesmos, tendo en conta que a actual foi asinada por Beatriz Mato cando era Conselleira, fai xa máis de dez anos.
- Facer efectiva a colaboración coas institucións de ámbito local, tal e como se recolle no Artigo 64 Bis a Lei 13/2008 dos Servizos Sociais de Galicia”

Pide a palabra o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, por unha cuestión de orde, preguntándolle o Sr. Presidente cal é a desorde.

O Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira mantén a súa petición de palabra por unha cuestión de orde manifestando que se trata dunha dúbida.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Imos facer as cousas como hai que facelas. Vostede ten dereito a pedir a cuestión de orde, pero ten que citar o artigo do Regulamento onde ampara vostede a súa desorde, e se eu vexo que hai desorde dareille a palabra, pero do contrario non lla podo dar”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Vimos de modificar nun dos puntos anteriores o Regulamento Orgánico que rexe este Pleno; dese Regulamento lea o artigo 114, que di: “o Presidente concederá ós voceiros segundo unha orde alternativa de intervencións, de tal forma que no transcurso da sesión estas se inicien de forma rotativa”. Sempre é exactamente o mesmo, pero neste caso aínda é maior, porque vostedes presentan unha proposición de goberno e quen representan ó goberno é PSOE e BNG. Pero en todo caso o que se debería era comezar os turnos defendendo a proposta quen a propón, e despois as intervencións son por orde rotativo”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, para dicir o seguinte:

“Está claro, moitas grazas señor Castiñeira. Coñezo ese artigo, ata agora levámolo aplicando, e non se preocupe porque o aplicaremos neste pleno tamén. Pero entenderá vostede que a interpretación do Regulamento, se o segue lendo, tamén di a quen lle corresponde, así que deixeme interpretar a mín o Regulamento que é a quen me corresponden; e se vostede non está de acordo sempre ten a posibilidade de recurrir”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Vexo que ó mellor isto vén producido polo nerviosismo dunha moción que vai falar do público con maiúsculas; que como ben saberán non é unha reivindicación só do Partido Socialista senón que é unha reivindicación de tódolos profesionais sanitarios e da sanidade pública, e dos centros de atención a maiores cunha xestión pública que nós sempre defendemos. Por iso teño que comezar a miña exposición, é inevitable facelo, cun sincero recoñecemento a tódolos profesionais sanitarios, a todo o persoal socio-sanitario, ás traballadoras do SAF, de Teleasistencia, e como non, especialmente a tódolos traballadores dos Centros de Atención a Maiores desta Casa que tan boa labor fixeron. Reivindicacións e labor que facían antes, que fixeron durante a crise, e que están a facer agora, polo tanto estas reivindicacións non están directamente relacionadas co Covid senón que xa me remonto a tempos atrás.

E porque traemos a colación este tema de novo?, pois porque hai alguén que leva presumindo once anos de boa xestión, e non aspiro a que o entendan pero si a remover algo a súa



conciencia, a miña principal aspiración. E digo isto porque é bastante atrevido, como está a facer o Partido Popular, falar dunha boa xestión da crise sanitaria, sobre todo cando escoitamos ós principais sectores afectados por esta crise, por esta pandemia, como foi o persoal sanitario, ou as residencias, vemos que ámbolos dous falan de graves erros de xestión e unha descoordinación importantísima que se produciu entre a Consellería de Política Social e a de Sanidade, o que supón o consecuente abandono das persoas. Porque isto trata sobre persoas, é poñer o centro do debate nas persoas, que é o que nós sempre defendemos.

Polo tanto, de boa xestión parece que xa vai apuntando que nada de nada, máis ben se algo deixou claro esta pandemia é que tanto o seu modelo asistencial como o seu modelo sanitario, que tanto deseñou Feijóo, fai augas por tódolos lados; ninguén dubida xa de que ese sistema baseado na xestión do privado polo que leva apostando o Partido Popular en Galicia da última década non funciona; once anos de recortes no ámbito da sanidade pública.

E isto non o digo eu senón que o di o persoal sanitario que é o que sabe e o que o está a vivir, é o que estivo ó pe do cañón pero, como dicía, tamén estivo antes, e recibiu tarde, mal e arrastro, os EPIs do que tanto presumen; non hai suficientes camas na UCI; que os contratos son precarios e temporais, porque supoño que todo o mundo coñece a alguén que está vinculado co ámbito sanitario que lles poderá dicir o número de contratos, mínimo dez ou vinte, no que leva do ano, o Sergas parece unha ETT, non traten de confundir a cuestión porque ó final evidentemente ninguén pón en cuestión a profesionalidade dos profesionais sanitarios, pero non poden apropiarse da súa profesionalidade e por outra parte dar contratos precarios, e intentar pola súa banda tamén utilizar a pandemia para pechar pola porta de atrás algúns centros de saúde como trataron de facer nalgúns concellos pequenos, grazas á forza dalgúns Alcaldes iso non se materializou; vostedes foron os que apostaron polo copago.

Pero ademáis déanse conta dunha cuestión, que nalgún momento das nosas vidas é moi probable que necesitemos unha atención sanitaria especializada e se non hai un bo servizo de atención público de saúde imos ter que pagar porque nos curen, que é o que xa empezamos a facer dende que está o Partido Popular.

E que me din da xestión das residencias?. Que solución me dan vostedes?, hai unha Orde que impedía durante a pandemia levar ós nosos maiores ás UCIs, pero por outro lado tampouco se daba unha solución de atención sanitaria para eses maiores, a que estaban condenados durante a pandemia eses maiores?, eu creo que a resposta tristemente nola dan as estatísticas. Ou que me din do informe do Consello de Contas?, no que se recolle o tempo medio para obter unha praza nunha residencia de maiores pública, máis do dobre do que vostedes estableceron por Lei, está en 453 días.

Non me poden negar que Feijóo apostou por un modelo de residencia privada, un modelo do negocio, dos 1800 ou 1900 euros; por cada residencia pública hai catro privadas; por cada oitenta prazas privadas existen só 20 públicas. Pero ata privatizan mal porque non teñen en conta os custes asistenciais, non revisan o convenio das traballadoras dende o ano 95. Así que hai unha precariedade laboral, incluso as ratios paciente/usuario son moi por debaixo dos que vostedes establecen, tanto na pública coma na privada.

E todo este cóctel explosivo foi o que desgrazadamente provocou que as residencias privadas concentraran o maior número de falecementos por Covid. Non é o momento, pero gustárame que, como se dirixiron tanto ó Presidencia coma min, puideran ler algunha das impresións das familias dalgunha das residencias privadas sobre as que a Xunta se desentendeu completamente, a verdade é que son demoledoras.

Saben cal é o seu problema?, é que non queren apostar por un modelo de atención público residencial, non apostan por iso, saber sábeno facer, pero xa sei que vostedes o que decidiron é non apostar por ese modelo, prefiren privatizar e botar de enriba un problema. Para vostedes a atención ós maiores é outro sector económico máis, fan low cost cos nosos maiores, e iso é botar balóns fóra e non se pode permitir. Fronte a esa voraz privatización nós os socialistas propoñemos a creación de 2000 prazas públicas en residencias, e ademáis humildemente propoñemos que se miren no espello da nosa Institución, dun modelo público residencial, de xestión pública, espallado polos pequenos concellos da nosa provincia de xeito que os maiores poden pasar esa etapa da súa vida preto das súas familias, no entorno no que viviron. Ese é o modelo que nós defendemos, menos macro-residencias e máis modelos de proximidade que xeren emprego e dinamicen a economía



local. A atención ós nosos maiores precisa máis atención pública e menos negocio. Iso é o que defendemos”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Agora, señor Castiñeira, voulle dar a palabra ó señor Efrén Castro, e verá como no próximo pleno haberá outra proposta de goberno que defenderá o Grupo do BNG, seguiralle o Partido Popular, e por último o Grupo Socialista, igual ca hoxe pero ó revés; e logo efectivamente iremos intercambiando, como viñemos facendo ata agora, e se quere confirmalo só ten que repasar os plenos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“É un alago que dean tanta importancia a en que posición falo, vouno tomar coma un alago, pero falo cando me dan a palabra e non adoito interromper as intervencións de ningún Deputado, que vostedes teñen ese mal costume, non todos, porque a maioría son máis educados.

En canto á proposta de goberno, estamos completamente de acordo, o que sucedeu e está a suceder durante a crise do coronavirus, e antes, coa sanidade pública e coa atención ós maiores é público, é tan público que vostedes antes do coronavirus prohibiron ós traballadores e traballadoras da sanidade que puxeran carteis denunciando as deficiencias do sistema, e mentres prohibiron iso instalaron as pantallas pagadas por todos nós para facer publicidade institucional, así que miren se son públicas as deficiencias.

O que sucedeu foi que se agravou coa crise do coronavirus, é máis, están facendo cousas que non son tan públicas, como que a súa primeira idea era despedir ás traballadoras da sanidade pública que contrataron pola crise do coronavirus, unha vez máis a alarma social parouno, pero están facendo, coma sempre, trampas porque as están utilizando para cubrir as baixas e as vacacións e non tirar das listaxes, ou sexa que é coma un despedimento encuberto, é un recorte deses que fan sempre pola porta de atrás e din nos papeis que non os despiden; iso denunciaron o outro día con nós no Hospital de Monforte; e sempre andan con esas trampas no sector público da

sanidade e da atención; e claro, queren tapalo porque teñen moito poder, teñen aí a Televisión de Galicia, as corenta e pico homilías do telePresidente, pero nin así o dan tapado.

E despois o modelo de residencias, amizades perigosas diría eu que tivo o Presidente da Xunta, hai un montón de fotos con empresarios das empresas que xestionan esas macro-residencias, e que os datos son tan graves que non se poden achacar á casualidade; calquera residencia xestionada públicamente tivo uns datos de incidencia do Covid razoables, algúns ningún, en cambio as macro-residencias xestionadas polos amigos do Sr. Feijóo foron un desastre; pero é moi sinxelo de entender porqué, non é porque esa xente sexan uns asesinos e quixeran que morreran, é que se o modelo de negocio se basea en recurtar o que pagan os nosos maiores para ser coidados, cando hai unha crise ese modelo rebenta, e rebentou, e pagámolo dunha forma moi dura, pagárono os nosos maiores dunha forma durísima, con falta de atención e abandono, porque esas empresas recurtan para que quede máis beneficio, é o ADN das empresas.

Ante iso hai outros modelos, por exemplo o modelo da Deputación, que non deberíamos ser nós quen o financiáramos pero, como moitas veces pasa, a Xunta non é capaz de dotar de residencias de maiores a esta provincia, e fíxoo a Deputación cun modelo de xestión moito máis exitoso que as da Xunta de Galicia; e os datos están aí. E agora dirán que somos uns escandalosos pero é así de duro. E en cambio seguen xustificando que non foi culpa da xestión desas residencias, porque son os seus amigos.

Pois nós propoñemos un cambio de xestión no coidado dos maiores, porque o coidado dos nosos maiores non pode entrar dentro do mercado, ten que estar en mans públicas porque é a única forma de que sexa eficiente e non se xogue co benestar dos nosos maiores. Polo tanto non sei como van explicar iso pero teñen moito que explicar para que entendamos porque se mercadea co benestar dos anciáns desta provincia”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:



“Estamos sen dúbida ante unha moción que cremos que é importante porque a situación das residencias preocúpanos a todos despois dos casos que vimos ó longo de todo o Estado español, e a nosa actitude non vai ser de tirar campás nin de euforia sobre a xestión de ninguén.

Pero chama a atención este tipo de mocións na cal o representante do Partido Socialista primeiro di que o Partido Popular debe sentir nerviosismo, non sei a que se refire con iso, eu nervioso estaría se fora un representante do Partido que goberna o Estado español, despois de todo o que pasou durante estes tres meses e do que está pasando señor Rivera.

Fala de conciencia, vostede trae isto aquí por conciencia, a súa conciencia é atacar á Xunta e dicir que xestiona moi mal as residencias, atacar ó Presidente, e aí acaba; vostede fala na súa moción creo que de seis plans; nela vén dicir que a Xunta necesita unha auditoría independente, a posta en marcha dun plan estratéxico de residencias de maiores, unha revisión das condicións laborais, un plan de atención sanitaria, un plan de reforzo da sanidade pública, un plan específico que cubra os desprazamentos do persoal, un plan específico de reforzo para as UCIs; seis ou sete plans que propón vostede.

Isto é o que propón o Partido Socialista, o Partido que está gobernando en España, eu non sei onde viven vostedes, pero creo honestamente que a xestión, non só das residencias senón a xestión sanitaria de toda a pandemia da Xunta de Galicia é razoablemente boa, e non é que o crea eu senón que os datos son demoledores; e xa non digo que o Sr. Simón fora o primeiro que dixera a gran xestión e a gran profesionalidade coa que a Xunta de Galicia e o seu Presidente actuaron durante estes meses, é que o di todo o mundo; pero está nos datos.

A Xunta de Galicia puxo un protocolo de funcionamento das residencias antes incluso do estado de alarma, entrevistí con absoluta claridade, con anticipación, con contundencia, con transparencia, en casos nada exemplares que se deron nalgunha contada residencia privada. Reforzou con máis de mil profesionais a rede de residencias públicas da Xunta de Galicia durante este tempo. Foi a Xunta de Galicia a que marcou a falta e incapacidade do Goberno de España en canto ó material, unha das pioneiras en marcar criterios e compra de material con respecto a outras autonomías.

Vostedes viven nunha burbulla, veñen aquí criticar á Xunta, todo se fixo mal en Galicia, será por iso que fomos os primeiros que saímos á nova normalidade en todo o Estado español?; ou acaso non saben vostedes que o nivel de falecementos en Galicia está vinte e dous puntos por debaixo de toda España nas residencias?, ou non o queren saber?; non saben vostedes que somos a cuarta Comunidade Autónoma con menos falecementos de todo o Estado español?; pero como un socialista pode presumir de xestión?, como un socialista pode presumir agora mesmo de conciencia fronte á Xunta de Galicia; vostedes, os que cambiaron o criterio durante esta situación en moitas cuestións; vostedes, os que compraron material que despois non serviu e houbo que devolver; vostedes, o Goberno de España, non poden dar esta lección de semi ataque á Xunta de Galicia.

Miren, cremos honesta e humildemente que a xestión da pandemia, non só nas residencias de maiores senón en tódalas cuestións relacionadas co momento tan duro que sufrimos en Galicia foi exemplar, empezando e sumándonos a ese recoñecemento dos traballadores tanto sanitarios coma das redes de centros sociais de Galicia, e os datos están aí; se en Galicia se xestionou mal, como se xestionou logo no resto do Estado?,

Pero vostedes non saben que estivemos nun estado de alarma no cal presuntamente o Goberno adquiriu o mando único?, e o señor Vicepresidente do Goberno, o seu socio, vostedes que falan de amizades perigosas, dixo que o primeiro que ía facer ó tomar o mando único no estado de alarma era medicalizar tódalas residencias de España, nunca se volveu saber nada del, do seu goberno non se soubo nada; a administración que sacou adiante as residencias con anticipación, con contundencia e con transparencia en Galicia foi a Xunta.

Polo tanto menos leccións a todo o mundo, vostedes que sempre falan dos negocios cos maiores, que utilizan esas palabras tan soeces e esas expresións tan insultantes para moita xente que traballa cos maiores en Galicia; vostedes non están en condicións de dar leccións a ninguén. E nós o que imos facer é non votar en contra senón tomar unha actitude positiva e unha actitude humilde absténdonos nunha proposta que o único que reflicte o Partido Socialista é que non ten ningún plan, non sabe que facer; Deus nos aparte de que tiveran estado vostedes tamén no goberno da Xunta de Galicia cando recoñecen que non teñen nin un só criterio de xestión.



A Xunta de Galicia fixo ademáis da contratación de máis de mil profesionais máis de mil cincocentas inspeccións en toda Galicia, e segue a facelas, nos centros sociais de maiores de Galicia; fixo en tódolos centros os test masivos eses que o Goberno dicía que non eran necesarios, e está na segunda quenda de test. E dende logo está revisando con protocolos progresivamente a normativa nunha situación tan complicada.

Polo tanto, con ánimo construtivo, deixense de facer política de tan curto percorrido co exemplo que están dando vostedes no Goberno Central”.

Neste momento, sendo as doce horas e vinte e oito minutos, incorpórase á sesión a señora Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Cando o Sr. García di que a xestión foi razoablemente boa póñanse a tremer.

De verdade que me preocupa un pouco a súa actitude, coma sempre non centrándose no que lle estou a dicir, non me desminte nada do que lle dixer e polo tanto podo presupoñer que é verdade. Cando lle falo de negocio vostede non o desminte; cando lle digo que por cada residencia pública hai catro privadas non di nada ó respecto.

E como vexo que está duro de oído e non quere entender, voulle contar unha historia baseada en feitos reais, porque nós tamén xestionamos residencias.

A historia comeza cando hai unha denuncia nunhas vivendas tuteladas privadas na Fonsagrada, a Xunta di que non sabe nada, pero iso non é o meu cometido xulgalo, pero a Xunta concede libranzas e polo tanto algo ten que saber, a Xunta dicía de levar ós anciáns para facerlles unha inspección cando dicía que tampouco os levaba ós hospitais, algo que é contradictorio; e mentres iso se producía o concello da Fonsagrada nos di que cinco dos usuarios desa residencia son nativos do concello da Fonsagrada.

Ante esa situación o Presidente da Institución manda unha carta, sen ningún tipo de acritude, abríndolle as portas da residencia non só da Fonsagrada a eses cinco usuarios senón ó Presidente da Xunta para utilizar calquera das residencias da rede por parte da Xunta de Galicia; e sabe que contestou a Xunta de Galicia?, non o sei; o primeiro é a educación, aínda non contestaron, non hai unha resposta a esa cuestión. E sabe que fixo a Xunta de Galicia nese momento en vez de deixar ós cinco usuarios sen que as familias se enteraran do que pasou?, mandounos a 200 quilómetros de distancia, ó Carballiño. Algunhas das familias enteráronse no HULA de que os seus familiares estaban no Carballiño.

Non quixera frivolar pero isto fainos pensar, como me dicía algún familiar, que parece que o Sr. Feijóo durante a pandemia potenciou o turismo interior mándándoos ó Carballiño. Iso é un exemplo de boa xestión, de eficacia do Sr. Feijóo. Afortunadamente esta historia tivo un final feliz, porque eses usuarios están na residencia da Deputación de Lugo na Fonsagrada.

Ademáis non sei de que se asustan, está o artigo 64.bis da Lei de Servizos Sociais, o servizo de promoción da colaboración interadministrativa; xa sei que vostede o concepto interadministrativo o vinculan directamen só con facer convenios con administracións da súa mesma cor política; pero iso non é así, presumen tanto dos EPIs e ó final nós tiñamos os protocolos feitos con moitísima antelación, e cando un chamaba á Consellería de Política Social desgrazadamente lle dicían que non sabían de que estaban a falar; era un auténtico despropósito; chegaron tarde, mal e arrastro os EPIs, nós en febreiro xa preguntamos como era esa situación. Así que se atreven a anunciar ademáis a bombo e platiño a reapertura das residencias, e ós dous días vense obrigados a cambiar esa postura.

Así que isto é o que hai, realmente é un espectáculo lamentable, e o legado que nos deixa Feijóo tanto nas residencias coma no ámbito sanitario é bastante apocalíptico”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sr. García, para moito lles dá o comentario do Sr. Simón; como vostedes ben saben non é un político, e é unha persoa educada, e tildou de boa actuación a de tódalas Comunidades



Autónomas, incluíndo a de Madrid, ou sexa que fíxese; o que pasa é que non é a súa función criticar.

Critica ó Goberno do Estado polo material, pero é que vostedes sen ir máis lonxe no Hospital de Monforte estaban entregando máscaras caducadas en plena pandemia, e tivérono que denunciar os traballadores. Ou sexa que veñen aquí cun rolo, e fala dos EPIs, pois falando cunha enfermeira que está traballando nun centro de atención primaria, sabe cando lle deron o curso de protección laboral para poder poñer os EPIs?, hai quince días, e o curso tiña tal nivel que só traía un EPI o que daba o curso para podelo poñer el, e como vostede saberá eses cursos adoitan ser interactivos e traen o material para que ti o poñas diante de alguén que sabe e che diga se o estás facendo ben ou mal, pois só había un EPI para o profesor, e díxolles: “o que vos van entregar non é exactamente este, pero xa lles vai valendo”; claro, despois oímos os comentarios da prima do Sr. Feijóo dicindo que os sanitarios se contaxian tomando café. E iso é da xestión que presumen?.

E outra pregunta máis da xestión que presumen, é que sexamos a única Comunidade Autónoma do Estado español que mantén pechados os centros de día, que pasa cos centros de día?, e saen presumindo de conciliación, e as familias que teñen unha persoa enferma e que necesitan eses centros de día teñen que seguir buscándose a vida, e veñen vostedes aquí presumindo; e tanto o señor Rivera coma eu mesmo acabamos de presentarlle datos, e habería máis exemplos; porque isto é o que nos conta a xente do sector e a xente que ten persoas dependentes ó seu cargo. Que pasa cos centros de día?, porque non os queren abrir?, que teñen que esconder con iso?, dígano, porque se preocupan máis de abrir as verbenas ca de abrir os centros de día; ou e que iso non é parte da atención?, ou e que eses maiores non necesitan o apoio do Goberno da Xunta de Galicia?.

E despois dicía que a Xunta o fixo moi ben, claro que aquí nesta Institución temos residencias de anciáns, houbo chamadas dende o primeiro minuto da Xunta de Galicia para poñerse a disposición se necesitábam algo, verdade señor Rivera?; axuda cero a esta Institución da Xunta de Galicia. Por tanto non presumen, e desmintan algún dato, pero non poden porque ante tal abandono non poden dicirnos nada máis que os mitines do telePresidente”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Diciá o Sr. Rivera que cando dicimos que a xestión foi razoablemente boa é para poñerse a tremer, e non sei exactamente cal é o motivo de porse a tremer; si dicimos esa expresión é que nun tema coa este que foi e que é tan duro para moita xente queremos ser prudentes e humildes coa xestión, que sempre é posiblemente mellorable.

Pero si que estamos contentos da xestión da Xutna de Galicia, e debémolo estar todos, porque non é unha cuestión do Sr. Feijóo, a vostedes o que lles preocupa é a imaxe do Sr. Feijóo porque lles parece que non poden con el, pois miren sentímolo por vostedes; pero é que non estamos niso, despois do que pasamos negar que Galicia foi a primeira autonomía de toda España en chegar á nova normalidade.

Negar as palabras do Sr. Simón, que agora di o señor Castro que non é político, non sei se son os políticos os que din sempre a verdade, pero non é o que pensa a xente o que vostede acaba de dicir.

Defender que a Xunta de Galicia chegou tarde, un socialista de España, vostedes si que chegaron tarde a todo, ou non recorda todo o que pasou en España co 8M?; vostedes si que chegaron tarde a todo. A Xunta de Galicia repartiu material sanitario nas residencias vinte días antes ca esta Deputación; os únicos que chegan tarde son vostedes; e nós non lle queremos entrar neste xogo porque ademáis resulta que estamos nun momento, a pouco máis de quince días, de que os galegos podan valorar a actuación da Xunta de Galicia, e van ser eles quen o defendan, e verase se teñen razón vostedes ou o que nós pensamos.

Pero en todo caso iso é secundario; o importante é que se dicimos que é razoablemente boa é porque queremos seguir mellorando, porque non podemos estar ninguén contento, pero para mostras de euforia o Presidente do Goberno, mostras de euforia o Vicepresidente do Goberno que ía medicalizar tódalas residencias de España, recordan?, e así estamos. Os datos son claros e non os van cambiar, e os galegos tampouco lles van comprar eses discursiños, senón xa o verán, porque para o malo e dificultoso que estivo todo en Galicia xestionouse razoablemente ben, e volvo utilizar a expresión que tanto lle molesta e que tanto o fai tremer, razoablemente ben, porque queremos ser humildes nunha situación que houbo tan complicada e tan dura para moita xente.



Polo tanto ese é o espírito; entónces vostedes digan o que queiran, sigan dicindo que o Partido Popular trafica cos maiores, sigan utilizando tódalas agresividades que usan sempre nos servizos sociais, pero non llelo van comprar, porque a xente non é tonta, e senón o veremos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Cando digo iso en canto ó de razoablemente é porque vostedes sempre adoitan puntuar por arriba, entónces a iso me refiro, que lle da máis puntos dos que ten cando falamos da Xunta de Galicia.

Resumindo, as catro grandes actuacións da Xunta de Galicia tanto no ámbito sanitario coma no residencial, fixéronlle as probas do coronavirus antes ós usuarios das residencias privadas cás da Deputación de Lugo. En segundo lugar mandaron os respiradores de Galicia á súa colega Ayuso. En terceiro lugar, o bono dos 250 euros da vergoña.

E en cuarto lugar, por se non o sabe porque ó mellor non llo comunicaron, pero onte aparece a resolución da vergoña, documento remitido pola Dirección Xeral de Maiores e da Dirección Xeral de Saúde Pública que converte as residencias en colexios electorais. Non pensei que estarían feitos desta pasta, remitida por correo electrónico, na que din, e leo: *“cada centro residencial habilitará un espazo reservado para o exercicio dos trámites de voto por correo que garanta o segredo de voto, se non fose posible unha habilitación os trámites realizaranse na habitación da persoa usuaria, garantíndose igualmente o segredo de voto”*. As familias non poden facer visitas pero si os trámites de voto, que é para o que vostedes queren ós maiores”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA RECLAMAR A NACIONALIZACIÓN DE ALCOA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para reclamar a nacionalización de Alcoa.

Exposición de Motivos

ALCOA San Cibrao presentou o 25 de xuño un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) que afectará a un milleiro de postos de traballo - 534 na factoría de aluminio da multinacional en San Cibrao e uns 400 nas empresas auxiliares - . A destrución deste emprego industrial suporá unha catástrofe económica e social para a comarca da Mariña que arrastra unha carencia de investimentos en infraestruturas e servizos histórica e que sofre, nos últimos anos, un goteo de peches industriais.

A preocupación de traballadores e traballadoras polo futuro do complexo de San Cibrao acrecentouse dende finais de 2018 cando ALCOA pechou as plantas de Avilés e A Coruña alegando “obsolescencia tecnolóxica”. Os sindicatos advertiron da ausencia de melloras na planta de aluminio, que comezou a funcionar en 1979.

As primeiras alarmas saltaron no ano seguinte co anuncio da parada de 32 cubas de electrólise na factoría de aluminio. O proceso de desmantelamento continuou coa suspensión da rebrascaxe das cubas que provocou Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTEs) nas empresas auxiliares, cuns 43 traballadores afectados.

Chegados a este punto, a nacionalización do complexo cervense - que foi público ata o ano 1998 cando ALCOA comprou INESPAL á SEPI por 61,5 millóns de pesetas - amósase como a única vía para manter os postos de traballo e a continuidade de produción de aluminio na comarca a



futuro; fronte á actitude da multinacional estadounidense que, tras facerse coa factoría en condicións de venda moi vantaxosas, ven empregando ás traballaras e traballadores como escudo nas súas negociacións coas administracións.

O Estado e a Xunta dispoñen de ferramentas para a intervención pública da empresa, que estarían amparadas polos marcos normativos galego, español e europeo; polo que a súa devolución ao control público dependen exclusivamente da vontade política dos grupos que conforman os ambos gobernos. Doutra banda, a nacionalización é unha vía tamén sinalada polo comité de empresa que nas últimas semanas convocou mobilizacións multitudinarias en diversas localidades da comarca, cun apoio histórico por parte da veciñanza.

O Comité de Empresa sostén que o principal problema para a viabilidade da produción de aluminio son os altos costes da enerxía eléctrica - imprescindible no proceso produtivo - polo que o futuro pasaría pois, por medidas que abaraten o prezo eléctrico.

A posta en marcha dunha Tarifa Eléctrica Galega, que permita que Galiza empregue para o seu propio desenvolvemento económico un recurso como a enerxía - do que é exportadora - e que compense os custos medioambientais da produción, darían solución ao problema enerxético. Tanto para as actividades intensivas en consumo eléctrico como para o resto do tecido empresarial e mesmo dos consumidores.

Outra medida que contribuiría a dar solución a situación é a aprobación dun Estatuto do Consumidor Electointensivo, que estableza mecanismos que estabilicen o prezo da enerxía. Un marco comprometido polo goberno central hai preto de dous anos e aínda pendente.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1. Reclamar ao Estado e á Xunta que exerzan as accións necesarias para intervir ALCOA e retornala ao ámbito público para manter os postos de traballo que dependen do complexo industrial e o futuro económico e social da comarca da Mariña.

2. Instar ao Estado e á Xunta a establecer unha Tarifa Eléctrica Galega que abarate o prezo da enerxía eléctrica en Galiza, beneficiando ás empresas e ás familias.
3. Instar ao Estado a aprobar o Estatuto do Consumidor Electointensivo que permita que o complexo industrial de San Cibrao poida manter a súa actividade produtiva sen perdas económicas e garantir o futuro da actividade e dos postos de traballo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Estamos nunha situación dramática, cun ERE presentado que afecta a 534 traballadores, pero non só a eses senón que de rebote, e máis desprotexidos aínda, a outros 400. Entónces está sobre a mesa e anunciado, e a algúns comunicado xa, o despedimento de case mil traballadores na comarca da Mariña.

Ante isto estamos vendo que os diferentes gobernos están a xogar ás veces ó ping pong e a pasarse a pelota. Podemos analizar de quen é a culpa, e a culpa orixinal, dicía o noso compañeiro do BNG Francisco Rodríguez no Parlamento Español cando se produciu a venda á Alcoa, prognosticou o que ía pasar, pero o Sr. Aznar, que tiña moito costume diso, decidiu regalar a central por un prezo de menos do material que había dentro da factoría, e daqueles lodos estes barros.

Entónces teño que comezar pola deixadez de funcións que fixo durante todos estes anos a Xunta de Galicia, que en vez de abandeirar e poñerse a defender unha tarifa eléctrica galega saía dicindo que que pensarían o resto dos españois, volvendo dicirnos que nós somos menos, ou máis tontos cós vascos, cando producimos enerxía. Ou culpando só ó Goberno Central, ou cando gobernaban non o facían, e non abandeirando a defensa de Alcoa, porque teñen as competencias de industria, e aínda non téndoas o que é decente dun Presidente de Galicia que se preze sería que collera a bandeira da defensa e forzar ó Estado a tomar medidas.



Pero non só é culpa do Partido Popular, hai varios Ministerios implicados, e o primeiro de que esteamos nesta situación é o Ministerio de Traballo que prometeu que ía derrogar as reformas máis lesivas da reforma laboral e non o fixo; por certo que esas medidas foron implantadas polo Partido Popular; pero se se tiveran derrogado para presentar o ERE necesitarían a aprobación da autoridade laboral e non o fixeron. Tamén é certo que o Ministerio de Industria e o de Transición Enerxética non están a facer o seu traballo, fixeron unha proposta.

Pero aquí non se trata de buscar culpables, ese tempo xa pasou, pasou o tempo de pasarnos a pelota, hai dous gobernos que teñen que poñerse a salvar esta situación, e os dous teñen competencias e cousas que facer. É certo que a proposta que fixo o Partido Socialista e os seus Ministros non chega, pero tamén é verdade que agora non só é o problema o prezo da enerxía, iso non soluciona o problema porque Alcoa xa dixo que non quere manter a fábrica na Mariña porque ten outra estratexia de mercado.

Entonces esa é a primeira parte do problema que se soluciona cunha tarifa eléctrica galega. Pero a segunda parte é que Alcoa xa dixo que non quería manter a central na Mariña pasara o que pasara co prezo da enerxía. E polo tanto estamos avocados a unha nacionalización, a unha intervención. Eu sei que iso choca con vostedes ideolóxicamente, pero é necesaria e é legal, e temos moitos exemplos, incluso do seu arco ideolóxico, porque Angela Merkel, que está máis cerca do seu ámbito ideolóxico ca do meu, en canto Lufthansa tivo un pequeno problema tardou dous días en sair dicir que era un sector estratéxico para Alemania que non se ía perder, e que se nacionalizaba.

En Italia, no mesmo sector que Alcoa, nacionalizouse unha empresa de produción de aluminio, temporalmente, despois volveron vendela e quedaron cunha participación; iso a nós tamén nos valería; pero agora non hai tempo, hai que reaccionar xa e intervir Alcoa porque senón vai morrer unha comarca enteira e imos pegarlle un golpe case que mortal á provincia de Lugo.

Deixémonos de ver quen é o máis culpable, que a Xunta abandee a loita pola defensa de Alcoa, o Goberno Central se involucre a través dos seus Ministerios para traballar xa na intervención, porque senón dentro duns días está a xente na rúa, e a única solución que queda é a

intervención; e non o di só o BNG senón que o dí o comité de empresa e dino tódolos traballadores, e onte acaba de presentarse un informe onde avalía a legalidade de todo ese proceso.

Polo tanto, queda pouco tempo, pero estamos a tempo de salvar os postos de traballo en Alcoa San Cibrao”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“No Pleno pasado o Partido Popular anunciou problemas laborais que se aveciñaban en Alcoa, incluso intuimos que xa podía ser tarde, desgrazadamente acertamos e días despois a empresa presentou un ERE para 534 traballadores. Daquela o Presidente Tomé anoxouse porque o responsabilizabamos de non facer nada, argumentaba vostede que non ten responsabilidades en enerxía, por suposto que non a ten, nin vostede nin a Xunta de Galicia.

A nosa reprimenda, en consonancia coa que lle botaron os traballadores aquí, non era por outra cousa nada máis que por non defender o asunto con quen si ten competencia, Sr. Castro, que é o Goberno Central, non desviemos a atención, este é un problema de enerxía.

O outro día estivo vostede na manifestación, gustoume velo porque había tempo que non o vía, “enerxía-solución” señor Castro, ese é o gran problema. E repito, non o dicimos nós senón que llelo dixeron os propios traballadores de Alcoa aquí. Non vou repetir o que lle dixeron. Pero por iso mesmo, por non defender con ese puño de obreiro que tanto lles gusta levantar nos mitines a empresa electrointensiva e o traballo de toda esa xente. Por certo, equivocouse ese mesmo día cando dixo que nos escapamos para atrás cando estivemos ó seu lado, e están aí as fotos.

Pero o gran problema disto é que o estatuto electrointensivo segue sen aprobarse, señor Tomé, señor Castro, socios tamén de goberno aquí na Deputación e tamén no Estado. Pero como estamos en eleccións agora vén o BNG cunha moción oportunista, porque o único positivo que trae esta moción é que por enésima vez piden a aprobación do estatuto, que estamos obviamente de acordo e que aprobamos unánimemente moitísimas veces aquí. Pero o estatuto parece que non é prioritario nesta moción, primeiro é a nacionalización, segundo é a tarifa eléctrica galega, non é o



estatuto; reivindicacións coas que dende logo non estamos de acordo e volvemos explicarllo no día de hoxe.

A nacionalización é imposible, non o dí o PP senón que o dí o propio Secretario Xeral de Industria, o socialista Raúl Blanco, que na última mesa de seguimento afirmou recordando que a última nacionalización que se fixera en España fora a de Rumasa.

Na súa moción manexan ademáis varios termos que son totalmente diferentes. Vostede fala de nacionalización e fala de intervención, din concretamente que existen ferramentas para unha intervención pública da empresa, estamos de acordo, que é moi diferente ó da nacionalización e expropiación que vostedes pretenden.

Nós estamos de acordo nunha intervención do Estado, especialmente asegurando un prezo da enerxía eléctrica entre 25 e 35 megavatios, aí estamos de acordo tamén co comité. Estamos de acordo nunha intervención do Estado convocando unha nova poxa para que aparezan os bloques de 90 megavatios que vostedes quitaron, e que se aumenten as compensacións do CO2 para que garantan un prezo competitivo da empresa, aí tamén está de acordo o comité de empresa.

E estamos tamén de acordo en que se debe intervir o Estado para garantir que se siga facendo aluminio na Mariña como sector estratéxico que é, se o Estado ten que intervir provisionalmente respectando as leis de competencia e libre mercado e baixo as premisas da Unión Europea, tamén lle aceptamos esa “intervención”. Non aceptamos a nacionalización que vostedes pretenden, a de Argentina, ou Bolivariana, como se fixo con IPF e demáis.

Por outro lado falan da tarifa eléctrica galega, que evidentemente non estamos de acordo, porque efectivamente sería moi bonito, sería sentimental, e quedaría moi ben pero, como pasa coa nacionalización, é totalmente imposible, así o di a Constitución, os territorios somos todos iguais para as tarifas eléctricas. Pero a parte de imposible é tremendamente prexudicial para os intereses da industria galega, e dos propios fogares, porque se é ben certo que hai uns anos eramos excedentarios de enerxía, co peche das térmicas, co que o BNG está de acordo, a cousa cambiou.

Cre vostede que sen enerxías coma a nuclear ou a térmica a industria electointensiva, e calquera outra industria, podería sobrevivir cunha tarifa galega?, eu creo que non porque ese é precisamente o gran problema que ten a día de hoxe Alcoa cos seus competidores máis directos, con Francia e con Alemania; Francia aposta pola enerxía nuclear que nós estamos pechando, Alemania aposta pola enerxía térmica que nós tamén estamos pechando. Imaxine vostede á xente de Alcoa e doutras industrias, que quere seguridade xurídica, esperando a ver se esa tarifa, a ver se chove, a ver se vai vento, ou a ver se vai un pouco máis de sol para que sexan rendibles; ou a ver se o gas está baixo que o temos que mercar a outro sitio, para ter unha tarifa eléctrica galega.

De verdade nós propoñémoslle outra cousa, este é un tema moi serio, e de verdade lle digo que non mesturen unhas cousas con outras, non difuminen a mensaxe, porque a mensaxe necesaria é aprobar o estatuto, sen estatuto non hai nada máis, o demais son fogos de artifício”.

Intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Antes de nada dicir que sempre o Sr. Castiñeira recorda a mobilización que houbo na Deputación, despois houbo máis a posteriori, mañá imos á Xunta de Galicia a San Caetano. É verdade que gritaban “enerxía-solución”, pero os tratalladores e traballadoras tamén gritaban “Feijóo apoia a intervención”, e Feijóo o que fixo foi poñerse ó lado da empresa.

Unha vez máis volvemos falar desgrazadamente no Pleno da Deputación da situación de Alcoa, dos seus traballadores e traballadoras, e tamén dos empregos das empresas auxiliares. Digo desgrazadamente porque aínda non se solucionou e estamos a vivir unha situación crítica e complicada, estamos vendo sobre todo ós concelleiros, concelleiras, alcaldes, e alcaldesas da Mariña que somos os que estamos día a día cos veciños e veciñas e vivimos máis de cerca esta situación.

Dende o Grupo Provincial do Partido Socialista seguimos na mesma liña, esiximos unha solución ás dúas Administracións competentes, Xunta de Galicia en materia de industria, así o di o artigo 30 do Estatuto de Autonomía, que a competencia en industria é do goberno galego; e ó Goberno Central, xa que ten a competencia de enerxía.



O 24 de xuño celebrouse a mesa multilateral de Alcoa, onde o Goberno Central puxo enriba da mesa un plan industrial a dez anos, co apoio de tódalas administracións, por suposto Goberno de España, Xunta de Galicia, e a Unión Europea. Para iso se lle pedía á empresa que non presentara o ERE, cun prezo da enerxía de 25 a 35 euros megavatio, e dábanse tres opcións; Alcoa+socio enerxético+unha PPA, Alcoa+socio industrial+unha PPA, ou a venda a un novo propietario de toda a instalación.

O Secretario de Estado de Industria, señor Blanco, comprometeuse a que se Alcoa paralizaba o ERE, ou directamente non o presentaba, ó día seguinte se desenvolvía o plan industrial. A Alcoa iso non lle valeu, nin unha cousa nin outra, e quería seguir co procedemento dos ERE, de feito dous días despois, o 26 de xuño, empezouse cos trámites dos despedimentos.

A nosa sorpresa foi que a Xunta de Galicia en lugar de posicionarse a favor do Goberno e facer unha fronte común, o que fixo foi defender á empresa e volver demandar non sei cantos millóns de euros para ela. Porque aparte de que once anos de política industrial da Xunta de Galicia con respecto á industria foi unha folla en branco, tampouco puxo enriba da mesa ningunha solución, simplemente posicionarse coa empresa.

O 26 de xuño o Goberno aprobou no Consello de Ministros a reserva de garantías das entidades electrointensivas, o fondo está dotado de 200 millóns para cubrir como máximo 600 millóns de investimento en tres anos. Como vemos o Goberno Central en dous anos, oito meses en funcións, foi dando pasos, pero na situación crítica na que estamos se necesita un paso previo, e se ten que pasar por unha intervención pois que así sexa.

Cando se anunciaron os despedimentos de 500 traballadores de Alcoa, un dos primeiros en saír públicamente, creo que foi o primeiro responsable político en saír públicamente, foi o noso Presidente da Deputación dicindo que se a solución sería unha intervención temporal ou un accionariado, que tiña que facerse. E eu non vin ó Partido Popular posicionarse, agora o están abertamente, da intervención en último lugar se é posible.

Por tanto non podemos permitir que unha multinacional que recibiu axudas públicas, como moitas empresas e moitas multinacionais do noso país, pero que gañou durante corenta anos moito diñeiro grazas ó traballo de xeracións de veciños e veciñas da Mariña, incluso tamén de veciños da provincia de Lugo; se se quere ir que se vaia pero que non deixe a mil familias na rúa, e unha comarca morta, porque se Alcoa pecha péchase a Mariña.

Por iso, deixemos a campaña electoral a un lado, e poñámonos a traballar conxuntamente; a Xunta de Galicia, que agora é a que ten que tramitar os ERES, que tome os mecanismos que sexan para dilatalo; e o Goberno Central que siga dando pasos, e fagamos unha fronte común porque o problema é grave”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sr. Castiñeira, eu non lle vou entrar en quen está nas manifestacións ou non, ou a quen increpan ou non, porque sería un debate longo e saca o debate importante.

O comité de empresa está reclamando claramente a intervención de Alcoa, dinllo ó meu Grupo, ó seu, e a todos, polo tanto esa é a solución. E ademáis teño unha pregunta para vostede porque a nosa moción vai nesa orde pero por unha cousa importante, porque Alcoa xa dixo públicamente, a non ser que vostedes teñan outra información, que ó mellor son interlocutores da empresa en lugar de selo dos traballadores, que pasara o que pasara co mercado da enerxía Alcoa San Cibrao non tiña futuro, porque ten outros intereses, é unha multinacional e non ten apego a nada, ten outros intereses no mercado.

Polo tanto o único que pode salvar agora a situación da Mariña é a nacionalización, ou intervención, chámenlle como queiran, a nós válenos, válenos os modelos porque hai moitos e moi legais. E vostede pón exemplos, fala de Bolivia, e Angela Merkel que é?, unha perigosa comunista, cando di que vai nacionalizar a Lufthansa?, ou o goberno dos Estados Unidos cando rescatou os bancos e os nacionalizou?. E que vostedes ideolóxicamente non o queren, e case que prefiren deixar na rúa a mil traballadores que ter que aceptar que o Estado interveña. Pois é a única solución señor Castiñeira.



E agora xa neste tempo no que estamos non vale ese pase de balón, e dígollo ós dous Governos, ó Partido Socialista, ó Partido Popular, e a Podemos, hai que poñer solucións xa enriba da mesa porque hai un reloxo e quédanos moi pouco tempo; e cadaún ten que traballar nas competencias que ten; e nin a Xunta de Galicia está eximida de responsabilidades, nin o Goberno Central.

Entonces é tempo de poñer as medidas enriba da mesa, e estano reclamando os traballadores, e se creran que a Xunta de Galicia non tiña responsabilidades ían ir mañá con todo o que teñen enriba os traballadores a Compostela a manifestarse diante da Xunta de Galicia?, pois non; pero saben que a Xunta ten un papel importante, pero iso non lle saca responsabilidade ó Goberno Central, os dous gobernos teñen que poñerse a traballar e salvar unha comarca. Fai falta unha tarifa eléctrica galega que dea un prezo xusto á enerxía deste país, que non só solucionaríase o problema de Alcoa, e seguimos sendo excedentarios aínda sen a produción da enerxía do carbón, e fai falta intervir e nacionalizar Alcoa para salvar eses postos de traballo; e sen unha cousa non hai a outra, a primeira é intervir para evitar os despedimentos; agora hai que poñerse a traballar nos dous Governos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Castro, véxoo a vostede moi túbio coas responsabilidades do Goberno. Tamén é verdade que o esperaba porque son cómplices de absolutamente todo, aquela marabillosa foto de que ían solucionar vostedes Alcoa, ían solucionar as peaxes, ían solucionar tanto, que o Sr. Sánchez os enganou como engana a todo o mundo.

Voulle dicir dúas cousas, non queremos mesturar estes dous asuntos; nós solicitamos ou a posibilidade de votar por puntos porque son tres puntos totalmente diferentes, ou a posibilidade dunha emenda de substitución na que nos imos á declaración institucional que fixo a Comunidade de Concellos da Mariña en defensa da factoría, que aí estamos todos de acordo. E aí ninguén falou nin de nacionalización nin de tarifa eléctrica galega, non se vaian ás cousas nas que temos moitas diferenzas.

O problema que teñen as empresas electrointensivas é o custe da enerxía eléctrica, independentemente da situación do Covid e demais, é a diferenza entre o prezo que temos aquí e o que teñen por exemplo en Francia ou en Alemania, que tamén hai Covid; e xa non lles falo da zona de Asia.

De verdade llo digo, encántame escoitalos, sobre todo en épocas de eleccións, cando falan de nacionalizacións, cando falan de municipalizacións, pero despois vimos á Deputación e contratos e concesións por todos lados, ó final vostedes moita municipalización pero son unha das Administracións que máis externaliza diferentes servizos, ou cando lle da a dedo a Tragsa o mantemento dos xardíns ou a explotación do servizo de catamarán. Vostedes son moi exemplares sempre, menos cando lles toca gobernar que fan o que lles da a gana, o conto é que lles minten ós cidadáns.

Mire, Alcoa leva vinte e cinco anos e nunca tivo problemas laborais, nunca parou unha soa cuba ata que chegaron vostedes. Claro que o problema é o estatuto, o problema é a Lei que está trazando a Ministra Rivera, a Lei de Cambio Climático; o problema é a Lei de Costas que están tramando e que lle vai impedir a moitas empresas seguir adiante. Ese é o problema, o seu radicalismo medioambientalista, e o seu odio ás empresas electrointensivas.

E non lles conten milongas ós traballadores de Alcoa, se non solucionamos a enerxía eléctrica, sexa quen sexa o propietario, vai ter moitas dificultades para seguir adiante, e vaille pasar como lle pasou á mesma empresa en Italia que ó final tivo que pechar, sexa do goberno ou sexa de quen sexa; porque o mundo evidentemente móvese nesas circunstancias.

Nacionalicen ou póñanse como queiran, o final o necesario é ter un prezo competitivo da enerxía. Non boten fogos de artificio porque a realidade é ben diferente”.

A continuación intervéñ a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:



“Dicir que nós falamos de intervención como último recurso, estamos nunha situación en que nos apremia o tempo, e como último recurso si é necesario falamos dunha intervención, así como tamén o reclama o propio comité de empresa.

Claro que o estatuto é importante aprobalo e nós sempre, a pesares de que no goberno de España estea o Partido Socialista, reivindicamos unha solución para Alcoa, imos a tódalas manifestacións, a semana pasada foi na Subdelegación do Goberno e alí estivemos, cousa que ó Partido Popular cústalle reclamarlle á Xunta de Galicia porque son da mesma cor política.

Por tanto, claro que o estatuto é importante e seguímolo reclamando, pero agora tampouco é a solución definitiva, agora o problema non é da enerxía desgrazadamente por esa crise; estanse dando pasos dende Madrid, acaba de aprobarse o fondo de garantía. Pero agora non é suficiente a aprobación do Estatuto, agora se hai que intervir temos que intervir temporalmente porque, repito, aprémianos o tempo e queda un mes”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Sr. Castiñeira, eu pensei que ía estar a outra altura no momento en que están os traballadores de Alcoa. A enerxía ten que ter unha solución, iso compartímolo, e de aí a nosa proposta dunha tarifa eléctrica galega, que non só solucionaría os problemas de Alcoa senón doutras industrias e de moitos autónomos; pero aquí, dicía ó principio, estamos coa espada de Demócles xa moi preto, e só quedan dúas solucións: solución para a enerxía cunha tarifa eléctrica galega, e a intervención.

Pídeno os traballadores, pídeno os Partidos Políticos que os defendemos, e non me entre nun debate de se unha intervención ou se unha nacionalización, a nós danos igual, salvemos os postos de traballo agora. E ademáis lanzamos a mensaxe que están a berrar os traballadores nas manifestacións, e vai para os dous gobernos porque os poño á mesma altura en responsabilidade, que é que “as cubas non se paran”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, PARA O AVANCE SOCIAL NA PROTECCIÓN E ACOMPAÑAMENTO DAS VÍTIMAS DE AGRESIÓNS MACHISTAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para o avance social na protección e acompañamento das vítimas de agresións machistas.

Exposición de Motivos

Os movementos feministas conseguiron situar a violencia de xénero na axenda social. Con mobilizacións masivas, as mulleres deron visibilidade a unha violencia estrutural, radicada nun sistema social e económico baseado na desigualdade entre homes e mulleres.

A demanda de mudanzas radicais cara a unha sociedade verdadeiramente democrática, sen discriminacións por razón de xénero, trasladouse ao ámbito institucional da man de normas como a Lei Galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (11/2007), que marcou un fito no ordenamento xurídico estatal ao recoñecer a violencia sexual como violencia de xénero.

Mais a falta de desenvolvemento desta norma e a carencia de medios materiais, de persoal e dun programa específico de formación para as persoas que traballan na prevención e atención á



violencia de xénero, e nomeadamente da violencia sexual, limita a súa aplicación e condiciona a resposta institucional ás vítimas.

A administración amosouse particularmente impermeable á incorporación da perspectiva de xénero aos procedementos xudiciais causando indefensión, inseguridade e perda de confianza nas institucións por parte das mulleres vítimas da violencia machista.

Tristemente vivimos nunha sociedade na que cada vez hai máis agresións machistas. Un gran número de mulleres sofren diferentes tipos de violencias, sen que, como sociedade, sexamos capaces de darlles resposta e ataalas como debera ser unha sociedade igualitaria.

O número de agresións e a súa dureza elevase cada ano a vez que van mudando os métodos de captación de vítimas por parte dos agresores, a través das novas tecnoloxías, facendo que faixe a idade media das agredidas polas violencias sexuais.

Debemos facer unha análise de como estamos a actuar como sociedade ante estas agresións, pois aínda que o avance do feminismo e indubidable e imparabile, loita que está a mover moitos muros e rachar teitos que parecían infranqueables para as mulleres; tamén estamos a ver como os sectores máis retrógrados e machistas son cada vez máis visibles e claros no seu posicionamento en contra das mulleres e do camiño cara a igualdade. Hoxe basta con botar un ollo aos medios de comunicación, redes sociais, ou postulados dalgúns partidos políticos para atopar declaracións negando a violencia de xénero utilizando eufemismos tan sinistros como “violencia familiar” ou dando un paso máis e xustificando ou normalizando as accións dos agresores.

A resposta debera ser unánime e forte contra as agresións machistas pero por desgraza como sociedade moitas veces xulgamos e poñemos endúbida á vítima e non ao agresor, ou incluso se relativiza a gravidade de ditas agresións; outras veces as decisións xudiciais son francamente cuestionables e xeneranos nas mulleres unha gran sensación de impotencia e de inseguridade, a sensación que nestes días percorreu a tódalas mulleres da nosa vila. Temos que plantexarnos se funciona un ordenamento xurídico que condena con máis dureza a uns rapeiros por cantar cancións que a agresores sexuais.

Vemos tamén como dende ámbitos tan importantes como o xudicial, policial, administrativo ou educativo carecen de medios, formación e ferramentas para loitar contra a lacra das violencias machistas.

A Oficina de Asistencia á Vítima teñen unha gran importancia para facer menos traumáticos os procedementos xudiciais. O acompañamento profesoinal nun primeiro momento, durante a denuncia, e durante todo o proceso nos xulgados, axuda ás vítimas a encarar situacións que causan dor e confusión, chegando a estados de shock.

Tamén resulta de vital importancia a creación de xulgados especializados en violencia de xénero para que as mulleres recibamos atención por persoal formado e especializado nos temas a tratar e tamén educado con perspectiva de xénero.

Os CIM tamén deberían estar dotados de persoal e atender os casos de violencias machistas que non sexan ocasionados por parellas e exparellas xa que tamén ten moita importancia o asesoramento previo á xudicialización e posterior a ela.

Unha sociedade moderna, igualitaria e feminista non pode deixar de lado ás mulleres en situacións como esta e tampouco pode deixar de educar para erradicar o machismo.

As mullers non temos que ser valentes para camiñar soas senón que temos que ser libres.

Por todo iso propoñemos ao pleno do concello a toma dos seguintes acordos:

- Que este pleno mostre a condena a todas as actuacións e decisións institucionais que, por acción ou omisión, fagan que as mulleres nos sintamos desprotexidas e menos libres.
- Reclamar á Xunta de Galicia a ampliación do servizo de Oficina de Asistencia ás Vítimas de Delictos Violentos e contra a Liberdade Sexual a todo o territorio, garantindo financiamento, persoal e formaicón suficiente para desenvolver unha atención integral, especializada e interdisciplinar, ás vítimas de violencia de xénero.



- Que a administración de xustiza garanta a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por seren vítimas de violencia de xénero e promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista.
- Reclamar ao goberno do Estado a creación dun xulgado de violencia de xénero para Lugo, con persoal, procedementos e espazos adecuados para evitar a revitimización das mulleres nos procesos xudiciais.
- Esixir á Xunta de Galicia a reformulación e ampliación a rede de Centros de Información ás Mulleres (CIM), retirándolles competencias alleas ao obxectivo para o que foron creados, e incluíndo a atención ás vítimas de agresións sexuais garantindo financiamento, persoal e formación suficiente así como a ampliación do servizo ás comarcas rurais que carecen deste servizo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Vai ser unha moción complicada de defender para mín, pedín podela defender porque o machismo golpea a toda a sociedade, pero nestes días golpeou dunha forma moi dura á vila de Sarria con tres agresións machistas a cada cal máis deleznable, ou mais vil, e polo tanto pedín ser eu a voz desta moción, as miñas compañeiras accederon, e polo tanto agradézollo. Decía que era duro porque calquera que pase por Sarria, ou que teña coñecidos alí, sabe no estado de shock no que estamos.

Traiamos esta moción presentada antes das segundas agresións a dúas menores na vila de Sarria, e dicíamos que tiñamos algo mal como sociedade porque cada vez se daban agresións máis comúns e de idades máis certeras, e por desgraza o destino xogounos unha mala pasada e acertamos, e oxalá non tiveramos acertado.

Facemos unha reflexión de que algo estamos a facer mal como sociedade, e creo que cada vez que xustificamos un comentario machista fallamos como sociedade. Cada vez que alguén achaca o espallamento do coronavirus a unha manifestación feminista como a do 8M e non a

outras miles de concentracións de persoas coma o fútbol, fallamos como sociedade. Cada vez que xustificamos, cuestionamos, damos voz a discursos que contradín, negan, a existencia da violencia machista, fallamos como sociedade. Cando nos poñemos a gobernar ó carón deses Grupos Políticos que din que as mulleres non teñen dereito a ser libres e que teñen que sentir medo porque os homes podemos exercer violencia contra elas, fallamos como sociedade. Cada vez que, como institucións, sexa a xustiza ou sexamos nós, non somos capaces de dar o apoio e a protección que necesitan esas vítimas despois de sucesos tan graves, estamos a fallar como sociedade.

Polo tanto creo que está chegando un punto que temos que tomar medidas urxentes, e resetearnos como sociedade, porque senón eu non quero vivir nunha sociedade así; eu non quero estar nun Estado onde lle caía máis pena por cantar unhas cancións a un rapeiro e que falen do Rei ca por violar a unha muller, e isto soa moi duro dito así pero é real; vivimos nunha sociedade en que está máis penado cantar unhas cancións que exercer unha violación. Polo tanto temos que resetearnos.

A moción fala dunha serie de medidas que cremos que axudan a que xa que son tan común estas agresións temos que acompañar e protexer ás vítimas. E son uns puntos sinxelos pero que, despois de falar con profesionais da xustiza e con vítimas afectadas, cremos que axudarían moito á mellora nese coidado das vítimas.

Cremos que hai que ampliar a Oficina de Vítimas na Xustiza, porque aquí só están nas sete cidades galegas, e desas sete cidades só sete días na cidade de Compostela. Polo tanto unha vítima de agresión ten uns dereitos se a agreden nas cidades, pero se pasa no rural, como moitas veces ocorre, non está tan protexida; por tanto ampliar esa rede e dotala de medios e profesionais para que sexan capaces de amortiguar o golpe e explicarlle como funciona despois dunha denuncia o sistema xudicial que ás veces é moi arisco e moi difícil de entender para unha vítima.

Temos que garantir a gratuidade da atención xurídica para as vítimas, que aínda que creamos que pasa en tódolos casos, pero non no 100% das agresións sexuais. Polo tanto hai que consideralas todas como agresións machistas e violencia de xénero para que teñan acceso e informallas.



Como non, esta provincia segue abandonada no que ten que ver coa creación dun xulgado de violencia de xénero, este tipo de temática ten que estar tratado por especialistas e por xente que teña formación no tema e formación en igualdade e en xénero.

E tamén reformular os Centros de Información á Muller, que fan un traballo excepcional pero que están sen medios e son moi poucos, e deixan fóra por lei os casos de vítimas de agresións que non son no ámbito da parella ou da exparella. Polo tanto hai que dotar eses CIMs e espallalos.

Temos unha Lei galega que se aprobou no ano 2007, que daquela era punteira, que quedou sen desenvolver e sen dotar de recursos, e esta sociedade xa non aguanta máis; avanzouse moito grazas á loita feminista pero algo está fallando se nunha sociedade están pasando estas cousas a diario.

Agora tócanos de moito máis cerca ós veciños de Sarria e desta provincia, pero o triste é que non é algo especial que pasou en Sarria, isto pasa a diario e hai que reaccionar, temos que poñer medidas de educación e codenar calquera atisbo de machismo que hai na sociedade, porque o demáis o que estamos é facendo que estas cousas pasen.

Polo tanto nós traíamos esta moción, e hoxe faise máis duro defendela por culpa dos sucesos ocorridos”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Se hai un Partido Político que non precisa demostrar do seu compromiso pola igualdade e contra a violencia de xénero, ese é o Partido Socialista. Foi un goberno socialista quen impulsou a aprobación da primeira Lei integral contra a violencia de xénero no outono de 2004. Foi o goberno galego presidido por Emilio Pérez Tourño quen situou a igualdade na axenda política galega coa Lei Integral Contra a Violencia ou coa Lei de Igualdade no Traballo de Homes e Mulleres de Galicia, aínda hoxe en vigor, malios recortes e os incumprimentos do Partido Popular de Feijóo.

Malio traballo feito e o camiño percorrido, moito queda aínda por facer, especialmente en Galicia onde a igualdade non está nunca na primeira liña das medidas do Partido Popular. A Feijóo non lle preocupou a paridade dos seus gobernos, e non lle importa que despois de once anos de goberno aínda teñamos comarcas en Galicia que carecen dun centro de información á muller.

A crise do Covid-19 amosou que tamén nas pandemias é preciso ollar as medidas dende unha perspectiva de xénero, as vítimas de violencia tiveron que convivir cos seus agresores durante máis de dous meses; as familias monoparentais estiveron entre as que máis axuda precisaron por parte dos concellos: bolsas, comidas; as mulleres perderon o seu emprego nos sectores máis precarizados e deberon facerse cargo dos coidados das persoas dependentes polo peche dos centros de día e de atención terapéutica. De novo a pobreza, a exclusión, e os coidados, levan o nome de muller.

Mentres a ultradereita acusa ó feminismo e quere facernos crer que non hai violencia machista, o certo é que a pandemia deixounos un incremento dun 60% nas chamadas ó 016. A realidade de violencia e desigualdade é máis forte que os argumentarios dalgúns políticos.

Temos que ser quen de incorporar as perspectivas de xénero á xestión das crises sanitarias, sociais ou económicas; tiveron que ser os colexios farmacéuticos quen puxeran en marcha a iniciativa “mascarilla 19”, unha clave que falicitaba que se cursase denuncia cunha visita a unha farmacia no caso de vítimas que tiñan problemas para facer unha chamada sen alertar ó seu agresor. Tantas roldas de prensa do Sr. Feijóo non lle deixaron tempo para que a prevención da violencia de xénero tivera o protagonismo e os investimentos precisos.

Os socialistas lucenses defenderemos sempre ás vítimas, escoitaremos as súas reclamacións e impulsaremos as reformas que contribúan a acabar para sempre coa lacra da violencia de xénero”.

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:



“Nós estamos de acordo co fondo da cuestión, e manifestamos o mesmo que manifestamos neste mesmo Salón de Plenos hai agora catro anos e medio cando, no mes de febreiro do ano 2016, se trouxo a este Pleno unha moción semellante; daquela pedíase a creación dun xulgado específico para Lugo, e naquel momento xa manifestamos que calquera logro, por pequeno que sexa, que se consiga en materia de prevención e de defensa contra a violencia de xénero é un logro importante; iso motiva que esteamos de acordo co fondo, non coa forma.

Vostedes verten afirmacións falsas na súa exposición de motivos, e sobre todo nas propostas de acordo que agora pasarei a referenciar, que poñen de manifesto que efectivamente non teñen intención de darlle solución ó problema, vostedes o único que pretenden é vir a este pleno a quedar cun titular para que os medios de comunicación o saquen o día de mañá nos respectivos xornais. Se quixeran solucionar o problema non incurrirían nos mesmos erros que incorreron hai catro anos e medio, e non dirían cousas cheas de falsidades como din na súa exposición de motivos, e que incluso se se fixan ata na redacción propoñena “o pleno do concello”. Eu entendo, señor Castro, que un erro cométeo calquera, pero isto o que pon de manifesto é que esta moción se redactou á présa e correndo para xustificar o cupo, sen importar o fondo da cuestión.

Mire, señor Castro, o problema non se soluciona copiando e pegando, e despois votando neste Pleno, o problema solucionase demostrando que se queren adoptar e que se queren votar medidas que de verdade solucionen o problema.

Din vostedes na súa exposición de motivos que existe carencia de medios materiais, de persoal, falta de formación, unha serie de cousas que son totalmente absurdas, porque a mín gustárame que vostede estivera presente ó lado dunha vítima de violencia de xénero dende que presenta a denuncia na Comisaría de Policía, por poñerlle un exemplo, ata que é atendida nos xulgados, a formación, o coidado co que se trata, a información de dereitos, e toda a atención que se lle dispensa por parte dos policía, e poño isto como exemplo, dende que unha vítima presenta a denuncia é extraordinaria; eu non sei a que formación se refire vostede, nin sei que é o que pide porque tampouco concreta na súa moción; dende información sobre axudas, sobre a xestión das pernoctas se foran necesarias nos centros de acollida, roupa, prestación alimentaria, prestacións económicas derivadas do seu illamento e efectivamente da denuncia presentada. O trato e o coidado

co que é atendida calquera vítima nos xulgados desta capital ou nos xulgados de instrución de calquera punto da provincia é extraordinario; eu sigo sen entender a que se refire vostede.

Denuncia vostede a falta de medios materiais, que tampouco enumera; eu non sei a que medios materiais se refire vostede, pero mire, de tódalas materias que se instrúen na orde xurisdiccional penal a de violencia machista é a que máis medios concentra e a que máis medios acapara. E voulle poñer unha comparación: unha muller denuncia lesións, ou unha muller denuncia unha tentativa de homicidio, e non ten o mesmo trato, aínda sendo o mesmo xuíz, que se denuncia violencia machista. Por iso lle digo que debera estar vostede presente porque non diría moitas das cousas que está dicindo aquí.

Di vostede que as persoas que interveñen non teñen formación; mire, ata os Colexios de Avogados de Galicia teñen un turno especial de violencia de xénero que asegura que calquera letrado que asista a unha vítima de violencia machista ten que ter unha formación especial que non ten para ningunha outra materia, é dicir, asegúrase ata ese punto; os propios letrados que interveñen teñen a obrida de contar cunha formación especial para atender ás vítimas de violencia machista. Entonces, a mín gustaríame que vostede se referira a qué falta de formación ou a que falta de medios temos que votar, porque eu non entendo que é o que veñen dicir aquí.

Bótase en falta nesta exposición de motivos unha alusión sobre todo ós nenos, porque a Lei de Infancia e Adolescencia do ano 2015 reconece ós nenos como vítimas da violencia machista tamén, e vostedes nin sequera fan unha soa alusión. Dende o ano 2015 esta Lei de Infancia e Adolescencia modificou tanto a Lei de 2004 estatal de Violencia de Xénero como a Lei Galega, recoñecendo ós nenos como vítimas; no ano 2019 corenta e cinco nenos quedaron orfos, e tres morreron, pero claro, vostedes non fan nin unha soa alusión ós nenos. Porque o tema de debate que queren traer a este pleno é o machismo contra o feminismo, non falar das vítimas, non solucionar o problema, senón falar do machismo contra o feminismo.

Piden vostedes na súa exposición de motivos que a Administración de xustiza garanta a gratuidade da atención xurídica, e pídenllo á Xunta de Galicia cando o competente é o Estado.



Mie, a Lei galega de Violencia de Xénero do ano 2007 xa recoñece este dereito á asistencia xurídica gratuita, eu invítoos a que lea o artigo 29 da Lei, que se remite á Lei estatal e di que tódalas vítimas terán asistencia xurídica gratuita de acordo cos límites establecidos na lexislación estatal, que é a Lei de Asistencia Xurídica Gratuita do ano 1996, artigo 3.3. Cal é o problema?, o problema é que o que hai que modificar é a Lei Estatal non a Lei galega”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sr. Balado, púxome moi difícil e vou intentar non romper as formas, pero a verdade é que creo que non estivo á altura desta Institución nin do posto que representa; porque hai un montón de denuncias de profesionais da xustiza que por exemplo din que as vítimas de calquera agresión machista teñen que esperar nun corredor, estando nunha situación moi dura e en estado de shock.

Se sofren unha agresión onde non hai oficina de vítimas, ou onde non está porque é fin de semana, non teñen asistencia dunha psicóloga para que lles explique o procedemento e as asesore. E evidentemente a policía nacional ten un servizo que está formado e que funciona ben, pero non teñen acceso tódalas vítimas, así que entérese; deixen xa o discurso fascista de Vox e empecen a defender ás mulleres, porque o que acaba de dicir aquí vostede é indigno.

Dicir que as mulleres que sofren unha agresión teñen todo o do mundo e que están moi ben protexidas, é unha falacia tal que debería darlle vergoña o que acaba de dicir, debería estar máis que avergoñado, é o discurso máis fascista e máis machista que se produciu nesta Deputación dende que existe democráticamente. E non levanten os brazos, porque llo digo sinceramente, falen coas vítimas e cos profesionais e pregúntenlles se non hai eivas, preguntenlles ás vítimas se se senten acompañadas.

Volvo dicir, e impórtame moi pouco que vostedes se enfaden, se cren por algún momento que o sistema, e inclúo a tódalas institucións, está a altura de cando as mulleres sofren agresións machistas, xa sexan sexuais ou doutro tipo, se cren que vivimos nun mundo en que lles damos todo o que necesitan, e que esas mulleres se senten protexidas, é que son uns machistas e uns fascistas, e volvo dicirllelo aínda que se cabreen; porque esa defensa que fixeron é indignante para mín, é

indignante para as mulleres, e é indignante para a sociedade, sinceramente non pensei que estiveran a esa altura.

Dígollelo sinceramente, e pincharon en óso porque as mulleres hai moito tempo que dixeron que xa basta, xa basta de xustificalo señor Castiñeira. Eu podíalles ter comprado que se fixeron avances, pero que digan que as vítimas están protexidas é indigno”.

Intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“As mulleres maltratadas o que queren en dereitos é protección non paternalismo. Pero eu voume remitir ó partido xudicial de Viveiro, que colle sete concellos, pois o 12 de abril do ano 2019 tivo lugar a celebración da mesa local de coordinación contra a violencia de xénero, e no punto da orde do día de rogos e preguntas os representantes dos xulgados de violencia sobre a muller de Viveiro, xulgado de primeira instancia e instrución número 2, e non son ningún Partido senón funcionarios, presentaron á mesa un rogo para que se solicite á Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia a habilitación dun espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas que comparecen no xulgado.

No rogo presentado, que adxuntabamos á Dirección Xeral, explícase cales son as condicións, e non presento a foto porque non a teño aquí pero saíu nos medios de comunicación, nas que se atopaba a actual sala de espera, era un arquivo e unha silla nada cómoda a pesares de que o concello levaba catro anos cedendo un edificio contiguo ó Xulgado para ampliar as instalacións.

Con esas probas non teño máis que dicir, simplemente que a política de recortes en materia de igualdade da Xunta está aí, as subvencións específicas para mulleres empezáronse a dar no ano 2019 cun presuposto moi curto; o concello de Viveiro este ano optou por esta subvención, que si que a conseguiu, pero un concello de quince mil cincocentos habitantes para poder contratar a mulleres que sufriron violencia de xénero só nos deron para poder contratar a dúas mulleres.



Repito, creo que a política de igualdade do Partido Popular da Xunta de Galicia deixa moito que desexar, estamos vendo que pacta con Partidos de extrema dereita e non vou dicir o que din das mulleres e da violencia de xénero, pero ás probas me remito”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Continuando co que dicía antes, señor Castro, vostede non veu aquí falar en serio, vostede veu aquí buscar un motivo para tildarnos de machistas ós membros do Partido Popular, ós Deputados deste Grupo, como fixo outra compañeira socialista hai catro anos, dona Sonsoles, que agora non está, pero chamounos agresores das mulleres buscando un motivo sen máis.

Vostede veu aquí intentar insultarnos porque vostedes cren que son os donos de certos conceptos como a igualdade, a loita contra a violencia de xénero, e non é certo, vostedes utilizan moitas veces a dor das vítimas para conseguir votos.

E remitíndome ó que lle dicía antes, o Goberno Central é o que debe definir os supostos de gratuidade de asistencia xurídica ás vítimas, non a Xunta de Galicia, e isto non é un invento que veña dicindo este Alcalde ou este Deputado do Partido Popular, é o Goberno do Estado; o que pasa que eu comprendo que vostede non quere incluír numerosas propostas de acordo nas que teña que instar ó Goberno do Estado porque queda mal cos seus socios de goberno aquí e queda mal co resto da esquerda. Dicir que é o Goberno do Estado o que ten que cambiar a Lei de Asistencia Xurídica Gratuita Estatal, a Lei 1/96, queda mal neste Pleno, e o mellor é botarlle a culpa á Xunta de Galicia, total cunha sardiña máis ben pode o burro señor Castro.

E cometen vostedes outro erro, o mesmo que cometeron no ano 2016, cando falan de crear un xulgado específico de violencia de xénero para Lugo, xa lles dixemos daquela que vostedes discriminan ó rural, que a creación dun xulgado específico para Lugo supón que o resto dos partidos xudiciais non teñan xulgado específico. Naquel momento vostedes argumentábano dicindo que así as vítimas poden estar mellor atendidas, vostedes o que queren é facer peregrinar ás vítimas por toda a provincia de Lugo; houbo algún ou algunha que incluso me dixo que podería desprazarse o xuíz dende Lugo ata algún dos partidos xudiciais; é dicir, non queremos que a vítima espere ás

portas do seu xulgado e queremos facerlle esperar polo xuíz; é dicir, a vítima que estea en Viveiro, en Becerreá, ou na Fonsagrada, espera unha hora e media polo xuíz que lle chegue para ser asistida.

Esas son as súas propostas señor Castro?, ó final vostede ten que darnos a razón, vostedes viñeron aquí, como veñen sempre, conseguir un titular, non darlle solución a un problema, porque este erro que cometen é o mesmo que cometeron no ano 2016. Son numerosos os colectivos de mulleres maltratadas, grupos de presión, Grupos Políticos, que din que o Goberno do Estado está incumprindo o pacto de Estado de violencia de xénero, porque a Lei galega si que está desenvolvida pero a Lei estatal non; a Lei galega reconece a gratuidade da asistencia xurídica, pero non pode prestala porque a lei estatal non o permite.

O que ten que traer é proposta serias, e propostas nas que efectivamente se inste á administración correcta”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Sr. Balado, non sei de que está falando, non sei en que mundo vive, non sei en que momento lle importa se quen ten que dar a atención é a Xunta, que por certo a Lei aprobouna o bipartito, que vostedes oíndoos falar están a anos luz do que significou esa Lei, pero se o pon a Lei ten competencias a Xunta e se ten que ser o Estado pois que sexa. Pero eu o que dixen é que todos, incluía tamén a esta Administración, fallamos como sociedade.

Aquí non se trata de buscar unha confrontación, o que pasa é que estamos a fallar como sociedade, e inclúo a tódalas Administracións do Estado e tamén inclúo á nosa, pero estamos a fallar porque se pasan estas cousas é que non chegamos. Entonces señor Balado, a mín paréceme vomitivo o que acaba de dicir; porque fale cos profesionais da xustiza, fale coas asociacións de vítimas, e dígalles se o que temos montado é un sistema amigable para as vítimas porque non o é, e non é cuestión de que goberno haxa senón que non somos capaces de darlles esa protección”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada.



11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA LEVAR A CABO UN PLAN DE POSTA A DISPOSICIÓN DO PARQUE MÓBIL PROVINCIAL PARA TODOS OS MUNICIPIOS DA PROVINCIA QUE TEÑAN UNHA POBOACIÓN INFERIOR AOS 20.000 HABITANTES.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para levar a cabo un plan de posta a disposición do Parque Móbil Provincial para todos os municipios da provincia que teñan unha poboación inferior aos 20.000 habitantes.

Exposición de Motivos:

Contar con infraestruturas viarias en bo estado resulta esencial tanto para os desprazamentos dos lucenses como para o desenvolvemento económico e turístico da provincia. Entre as funcións da Deputación atópase a xestión da rede viaria provincial e a asistencia aos concellos da provincia coa finalidade de arranxar as estradas municipais.

Para levar a cabo actuacións neste ámbito a institución provincial conta con recursos económicos, materiais e humanos. O Parque Móbil Provincial dispón, entre outros recursos, de tres equipos de rego destinados á reparación do pavimentos, cada un dos cales conta cun camión cisterna, un camión gravillador, unha apisonadora; e ademáis ten dous equipos destinados á limpeza viaria conformados por motoniveladora, camión e pá.

Ademáis conta con tráileres para o transporte dos áridos e da maquinaria que resultan necesarios para o desempeño das funcións dos equipos de rego; cun camión pluma e unha máquina eiruga, de cadeas.

A optimización dos recursos públicos - nos que se inclúen os citados - pasa, entre outras medidas, pola coordinación e polo necesario entendemento entre administracións.

O Grupo Provincial do Partido Popular, entende que deben ser todas e cada unha das entidades locais as que valoren a necesidade e a oportunidade das actuacións a levar a cabo no conxunto da rede viaria ao longo da nosa provincia e que a Deputación debe, consecuentemente, valorar, de xeito obxectivo, e atender todas as solicitudes que os distintos rexedores presentan respecto ao Parque Móbil Provincial.

Pero o certo é que sobre este servizo que, a priori, resulta indispensable para a mellora das comunicacións, descoñécese a súa planificación e os criterios de distribución, detectándose certa desigualdade por parte do goberno provincial á hora de poñelo a disposición das entidades locais. Varios alcaldes trasladaron a este grupo político a súa queixa neste senso, pois mentres algúns rexedores xa tiveron as máquinas no seu concello varias veces, outros, sen embargo, aínda as están agardando.

Tendo en conta esta falta de planificación e o descoñecemento dos criterios de distribución, este grupo considera que, é necesario que a entidade provincial, en beneficio do interese xeral, actúe de xeito transparente á hora de asistir aos concellos da provincia para arranxar incidencias nas estradas municipais, fundamentalmente no que respecta á reparación do asfaltado e aos traballos de limpeza das vías.

Esta demanda xa foi plantexada por este grupo en anteriores ocasións. Neste senso cómpresinalar que a iniciativa do Grupo Provincial do Partido Popular – a través da presentación dunha moción presentada en setembro de 2016 – o pleno da corporación provincial acordou a *“posta en marcha dun plan de estradas provinciais e un plan de posta a disposición do parque móbil provincial para todos os municipios da provincia que teñan unha poboación inferior aos 20.000 habitantes”*. Pero o entón Presidente non cumpriu nin fixo cumprir a parte do acordo correspondente ao plan de posta a disposición do parque móbil. E, ata o momento, o actual Presidente, responsable directo da área de vías e obras, tampouco.



Á vista das continuas queixas recibidas por parte de alcaldes aos que o goberno provincial, non lles facilitou o persoal e a maquinaria necesaria para o arranxo das vías municipais este grupo presentou preguntas ao respecto.

Recentemente no pleno de maio de 2020 formulamos unha pregunta para coñecer en qué concellos de forma detallada, realizara o Parque Móbil Provincial actuacións de mantemento da rede viaria durante os meses que transcorreron do presente ano e que previsións e planificación manexaba o goberno provincial respecto ao mesmo para os vindeiros meses. Pregunta á que o Sr. Presidente, ata o momento, non deu resposta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao pleno da corporación provincial a presente moción e propón a aprobación do seguinte acordo:

Que antes de que remate o mes de xullo de 2020 se constituía unha Comisión Provincial (integrada por un representante de cada grupo político provincial e polo xefe do parque móbil) e que a dita Comisión Provincial se reúna inmediatamente tras a súa constitución para:

- Realizar unha análise das solicitudes relativas ao servizo do Parque Móbil Provincial presentadas polos distintos concellos (número de peticións existentes sen atender e data das mesmas).
- Elaborar e aprobar un Plan anual de posta a disposición do Parque Móbil Provincial para todos os municipios da provincia que teñan unha poboación inferior aos 20.000 habitantes. Ese plan debe estar baseado en criterios obxectivos de maneira que teña en conta a información contida na dita análise, coa finalidade de que á hora de programar o traballo do parque móbil teñan preferencia aqueles nos que nunca actuara ou o fixera na data máis lonxana dende a súa posta en marcha.

Intervén o Sr. Deputado D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Traemos unha moción, que xa en reitaradas ocasións aportamos ó Pleno desta Deputación, no sentido de poñer a disposición de tódolos concellos o Parque Móbil.

Recoñecendo que o mantemento das carreteras, como as demais infraestruturas, tanto provinciais como municipais, é unha competencia ineludible da Deputación, e sabendo da disposición para a Deputación dos equipos de rego necesarios, así como de todo o equipo de loxística para facer fronte á subministración de materiais, incluso o persoal, para a actuación destes equipos de rego, solicitamos que os ditos equipos de rego funcionen en tódolos concellos da provincia sen distinción nin discriminación.

Ben é sabido que durante estes últimos anos por desgraza non foi así; no ano 2016, que se trouxo unha moción practicamente igual a esta, chegouse a un acordo para constituir unha comisión, na que estiveran representados tódolos Grupos Políticos sen excepción, e un representante de Vías e Obras da Deputación; acordo que por desgraza non se levou a cabo en ningún momento, polo cal volvemos traer a solicitude de que se cre este equipo de traballo, e que se cre así mesmo unha folla de ruta clara para saber exactamente en que concellos van traballar os equipos de rego, as datas nas que vai traballar, e poñelos a disposición de todos, previa petición dos representantes municipais en cadaun dos casos.

Lóxicamente entendemos que a prioridade para todos sería o mantemento das vías provinciais, sen dúbida ningunha a maior parte dos concellos por desgraza atópanse nun estado lamentable, pero tamén pedimos esa colaboración en tódolos concellos máis pequenos, fundamentalmente nos de menor poboación, porque os recursos que temos desgrazadamente son moito menores, para poder incidir e traballar sobre as vías municipais.

Entonces consideramos que xa que estamos nun pleno de tanto contido igualitario para todos, a Deputación ten unha excelente oportunidade para demostrar que non hai partidismo e que os medios están a disposición de tódolos concellos, o cal non vén sendo así historicamente; e eu non quero entrar nun debate de “y tu más” ou que sexa competencia dun ou doutro.

Neste caso as competencias eu creo que están claras e definidas, entonces o que propoñemos é realizar unha análise da situación en tódalas vías provinciais, incluso as municipais,



previo informe dos concellos correspondentes, e elaborar un plan claro e transparente para solucionar estas anomalías, contar cos equipos de rego da Deputación, que todos esteamos representados neste grupo de traballo, non me gusta chamarlle comisión porque sabemos que as comisións moitas veces se constitúen para non solucionar problemas. Por tanto un grupo de traballo que propoñemos que antes de finais do próximo mes estea creado, e no cal teñamos todos voz e voto, e sexamos capaces de chegar a puntos de acordo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O meu Grupo, a modo de protesta ante a actitude do Partido Popular, non vai interpelar as mocións do Grupo Provincial do Partido Popular”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé M^a. Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“En canto a esta moción, eu non sei se os do Partido Popular están de vacacións, ou están moi metidos na campaña electoral, porque esta moción é idéntica a unha pregunta que fixeron o 26 de maio, no pleno pasado, na que o Presidente, que nese momento non tiña datos porque a pregunta foi presentada ese mesmo día, comprometeuse a contestar hoxe. Polo tanto isto é duplicar a cuestión para traer unha moción deste tipo aquí, pero eu vou contestarlle.

Eu asistín como Deputado Provincial na oposición ó desmantelamento do Parque Móbil, pero tamén asistín cun goberno bipartito á creación dese Parque, recuperación, rexeneración, e hoxe é un modelo a seguir. Está ben que agora os Deputados do Partido Popular pidan este tipo de traballo e este tipo de cousas, coma a igualdade. Eu creo que os concellos cada vez necesitan máis axuda, hai concellos pequenos con redes viarias moi extensas e pouca poboación, necesitan moita axuda, e outros deféndense. Pero pedir aquí igualdade cando en pouco tempo, en seis meses que estiveron aquí no goberno, a igualdade non se viu e xa direi porque, e claridade e transparencia non a houbo daquela.

E mire, non imos facer un plan anual da posta a disposición de vehículos porque iso non é o que cumpre planificar, o que importa non é cada vehículo senón os traballos que se fan coa súa axuda; o que planificamos nós e os técnicos desta Casa son as accións de mantemento da rede viaria provincial, a rede viaria máis grande de España, máis de 4000 quilómetros. Acabamos de facer un plan único con criterios técnicos e equitativos aprobado por unha maioría, onde a maior parte do diñeiro vai destinado a rede viaria provincial.

Eu creo que ós concellos non lles chega, é normal, e cada vez axudamos máis, pero o que están plantexando case é que a Deputación mentres dura, dura, porque está aí, a uns pódenos gustar e a outros non, pero unha de dúas, ou a Deputación empeza a absorver ós concellos porque non se sosteñen, ou os concellos absorven á Deputación, porque a Deputación ten que manter en primeiro lugar a súa rede viaria provincial que son máis de 4000 quilómetros de carreteras, e destinar o Parque Móbil ós concellos cando xa hai un plan único para iso.

Aparte diso creo que o Presidente ten na súa mente axudar tamén ós concellos, pero eu creo que isto non cabe aquí aprobalo; dentro de pouco virán vostedes dicirnos que a cultura ou o deporte é todo igual na provincia e non é, hai unhas partidas para cultura e deporte e os Deputados de Cultura e Deporte teñen que planificar o seu traballo porque estamos nun goberno onde tamén tomamos as nosas decisións, e non por iso estamos prexudicando a ninguén.

Creo que esta moción sobra, non fan vostedes os deberes; eu xa non sei se é o Partido Popular o que fai isto, despois de escoitar por aquí o do Covid, despois de escoitar o da muller, onde tamén lle dou un apoio ó compañeiro do BNG porque sinceramente é para cabrearse; escoitar moitas cousas das que din aquí vostedes, porque citar aquí claridade e transparencia que, señor Baamonde, xa estivo aquí tamén moitos anos, e eu creo que isto non é normal.

Hai que traer aquí cousas que traballen pola provincia, parece coma se antes do Covid non houbera problemas e o problema segue sendo a Xunta de Galicia que tiña as competencias en sanidade, eu son Deputado de Cooperación cos Concellos, pasará o Covid, oxalá pase, pero se non pasa seguimos sen camas UCI, seguimos co mesmo problema; e parece que o problema só o ten Madrid, Galicia ten dous problemas, Covid 19 que pase, e Feijóo 2020, eses son os verdadeiros problemas que ten este país”.



Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Xa me tardaba a mención a Feijóo, chegou a última hora, pois benvida sexa.

Nós o único que plantexamos aquí é unha moción que afecta directa e unicamente á política da Deputación, non traemos nada que afecte nin á política da Xunta nin á política do Goberno Central, é a política da Deputación, e vostedes son políticos na Deputación, nós somos políticos na Deputación, tamén nos concellos; tendo en conta que a Deputación é a nai, por dicilo dalgunha maneira, de tódolos concellos paréceme que aquí é o lugar onde temos que falar estas cousas, non no Parlamento no Hórreo nin tampouco nas Cortes en Madrid.

Vostedes vanse polas ramas, o representante do Bloque nin se molesta en contestar, ó mellor é que non ten nada que dicir, e vostede vaise polos Cerros de Úbeda. Pero se eu o único que lle pido é que nas Nogais teñamos o mesmo servizo do equipo de rego que ten vostede en Castroverde, non lle pido ningunha outra cousa, pídolle o mesmo; e falo de Castroverde e das Nogais porque somos os Alcaldes que estamos intervindo neste momento. E pedímoslle que a Deputación tome un acordo, e se non queren votalo a favor vóteno en contra, pero non me veña con desculpas de mal pagador.

A historia é clara e concisa, nós na Deputación disponemos de tres equipos de rego, dotados perfectamente, con tódolos medios e con toda a loxística implementada para atendelos, pónanos a disposición de tódolos concellos; non queren constituir o equipo de traballo?, perfecto, pero fagan algo para que sexa un reparto xusto e chegue a tódolos veciños da provincia, que todos teñen os mesmos dereitos, nalgún caso incluso cumpran as súas promesas electorais que as fixeron os seus representantes nos concellos onde non gobernan eles, gobernamos outras forzas políticas, pero prometeron, concretamente no meu concello, que a Deputación ía arranxar tódalas carreteras; pois cumpran o que prometeron, non lles pedimos nada máis, e cumpran co primeiro deber dun gobernante que é ó día seguinte das eleccións olvidarse de quen votou e dedicarse a gobernar para todos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé M^a. Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Creo que o que eu falaba é un problema coma os demais, coma os que se trataron aquí. Porque non lle pide a Feijóo?, porque á Xunta de Galicia non lle pide que faga un plan único para os concellos?, onde está ese plan?, que vimos pedir aquí?, isto é inaceptable; a Deputación ten un plan único e ten uns equipos de rego provincial para manter as súas carreteras e para axudar a aqueles concellos que considere; eu estou totalmente en contra, creo que todos o entendemos perfectamente. Porque non lle piden á Xunta de Galicia que utilice os criterios de igualdade?.

Pero é que ademáis en pouco que gobernaron vostedes, e voulle dar uns datos, simplemente collo tres, porque estou falando de máis de catro millóns de euros aprobados en Xunta de Goberno a concellos do Partido Popular, esa foi a igualdade de seis meses e de tres anos de chantaxe política a que se adicaron.

Pero só lle vou dar uns datos, porque aparte do plan único simplemente quero recalcar tres ou catro: Castro de Rei, na rede de rega do campo de céspede 16.000 euros, pero iso é algo ridículo porque é pouco diñeiro; O Corgo, convenio para a mellora de pistas núcleos Campelo, Vilapene, Igrexa de San Cristóbal, 153.000 euros, tivo plan único, tivo un convenio, e quere tamén o equipo de rego, é mellor asumir a Deputación o do concello. Convenio Deputación e concello de Mondoñedo para mellora de vías, 149.000 euros, isto foi a igualdade que defenden vostedes. Apertura do tramo viario, ordenación mobililario casco urbano en Outeiro de Rei, 106.000 euros; e outro para o mesmo, 69.000 euros. E se imos o concello do Saviñao, para un abastecemento de auga, 181.000 euros.

Convenios extraordinarios, que foi a igualdade que deron vostedes en pouco tempo; e a maiores o equipo de rego?; eu non tiveron o equipo de rego dende hai anos, nin un convenio excepcional; eu non sei que fan logo algúns concellos. Estou de acordo en que o Presidente tomara decisións, que para iso asume e xa responderá. Eu defendo unha moción, el defende unha pregunta; pero eu digo que a súa igualdade está onde está, cando está, en seis meses o que fixeron. Esta Xunta de Goberno aprobou máis de catro millóns de euros dende agosto do ano pasado a hoxe para concellos do Partido Popular, esa é a súa igualdade”.



A continuación intervén o Sr. Deputado D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“A realidade é que vostede non respostou absolutamente nada do equipo de rego que é do que eu falei. E falabamos pedindo no básico que actúe en carreteras provinciais.

A moción é clara e concreta, refírese ós equipos de rego, e refírese fundamentalmente ás vías provinciais, porque nalgúns concellos as vías provinciais están moi ben pero noutros están moi mal, e é o prioritario; e se da tempo e quedan recursos, atenderase tamén ás vías municipais, que por certo é tamén unha das competencias da Deputación. En ningún momento falamos doutras cousas, xa que ademáis a sua voceira, a señora Porto, iniciou na súa primeira intervención recoñecendo que a Deputación de Lugo é un goberno local, pois practíqueno, practiquen a súa doutrina e poñan os equipos da Deputación a disposición de tódolos concellos, é algo tan sinxelo coma iso, non lle estamos dicindo que inste a ninguén, instaremos a quen sexa necesario cando vostedes traian unha moción nese sentido, pero neste momento o que estamos pedindo é outra cousa, á cal vostedes non respostaron.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO PROVINCIAL A QUE POÑA NOVAMENTE EN FUNCIONAMENTO O COMPLEXO RECREATIVO DE AUGASMESTAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para instar ao goberno provincial a que poña novamente en funcionamento o complexo recreativo de Augasmestas

Exposición de Motivos

A planificación e promoción do turismo fluvial que deseñou no seu día o organismo provincial, de maneira moi acertada, baixo a presidencia de D. Francisco Cacharro Pardo e que tantos froitos deu, está sendo abandonado sen alternativa polo actual goberno provincial. Dende a Deputación temos a obriga de coidar o que temos e non deixar que se afunda, como pasou co catamarán Pelegrín I.

Estamos de acordo en que se invista en vídeos e feiras, pero hai que coidar o que temos. Vemos que existen servizos, equipos e instalacións como as do complexo de Augasmestas, situado no Concello de Quiroga, ao pé do río Lor, moi preto da súa desembocadura no Sil, que están en estado de total abandono e que poderían estar funcionando perfectamente. Augasmestas está inutilizada e abandonada pola deficiente xestión turística do actual goberno. Son unhas instalacións modernas nun enclave natural marabilloso na Ribeira Sacra, candidata a Patrimonio da Humanidade, totalmente adaptadas ás novas tendencias. É inconcibible que se deixen caer instalacións que tanto costaron ás arcas públicas e que se perda a posibilidade de que máis turistas disfruten das mesmas e pernocten na zona.

Ante as queixas expresadas tanto por lucenses que non entenden que este complexo siga sen uso, como do propio Concello de Quiroga, representantes deste grupo político visitamos este complexo pouco antes do inicio da crise sanitaria e volvemos a Augasmestas nos últimos días. Nestas visitas puidemos comprobar que se estas instalacións non están operativas só é debido á desidia na xestión por parte do equipo do goberno provincial. A maiores cómpre sinalar que a abundante cantidade de herba e maleza de gran tamaño que hai arredor das instalacións supón un serio risco de incendio que podería danalas irremediabilmente.



Entendemos que hai que actuar antes de que sexa tarde, antes de que pase como co catamarán de Lugo, o Pelegrín I, que se deixou afundir no Miño, sen usalo, e agora podrece nun prado de Begonte. Hai que intervir sen máis demora. E así o fixemos constar xa en anteriores ocasións a través por exemplo da presentación de mocións en maio de 2017 e xullo de 2018 e de varias preguntas (pleno novembro 2018, pleno outubro 2019 e pleno xaneiro 2020).

As características destas instalacións están perfectamente adaptadas ao que requiren os usos propios do turismo de natureza, o que demostra a seriedade coa que foron deseñadas no seu momento polo goberno provincial do Partido Popular.

Os gobernos bipartitos (PSOE-BNG) na Deputación resultaron funestos para o complexo recreativo de Augasmestas, construído en 1996, e pechado dende o 2006.

Este complexo conta con zona de cámping, área recreativa, aparcadoiro para autocaravanas, cafetería, piscina, aseos e duchas, entre outros. No ano do 2004 acometéronse obras de ampliación consistentes en cinco bungalós e a rehabilitación de varias edificacións. Dende esta ampliación o complexo funcionou só durante dous anos. Coa chegada do bipartito á Deputación o complexo caeu en desgraza, e, como case sempre ocorre cando se deixan abandonadas instalacións así, sufriron accións de vandalismo. O organismo provincial executou obras nas instalacións, concretamente no ano 2017, coa finalidade de repoñer os elementos afectados polo vandalismo e polo paso do tempo, pero o complexo non volveu abrir as súas portas. No ano 2015 a Deputación adxudicou a xestión do complexo a unha empresa privada, pero despois de diversas incidencias, a día de hoxe continua pechado.

A Deputación, por acordo da xunta de goberno de 23 de marzo de 2015, aprobou o prego de condicións do concurso para a concesión demanial das instalacións en Augasmestas. O mesmo órgano, o 8 de maio de 2015, resolveu a adxudicación do citado procedemento a favor do único licitador concorrente. O Servizo de Contratación e Fomento informou o 20 de decembro de 2018 de que, como consecuencia da falta de formalización da concesión demanial, era posible incautar a fianza, de 10,574,63 €. O 11 de febreiro de 2019, dentro do prazo concedido ao efecto, a representación da sociedade mercantil presentou diversas alegacións na defensa dos seus intereses. Por último, hai pouco máis dun ano, concretamente o 31 de maio de 2019, a xunta de goberno

acordou iniciar o procedemento de caducidade como causa de resolución, así como proceder a incautación do aval.

Dende este grupo entendemos que é necesario e urxente que o equipo de goberno provincial dea os pasos oportunos para reabrir canto antes estas instalacións, que pese aos anos de abandono aínda ofrecen unhas condicións xerais perfectamente adaptadas ás esixencias do turismo fluvial a día de hoxe.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao pleno da corporación provincial a presente moción e propón a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao goberno provincial a que faga as xestións oportunas para poñer en condicións de uso e funcionamento as instalacións de Augasmestas e a que as reabra canto antes, porque pese aos anos de abandono aínda ofrecen unhas condicións xerais adaptadas ás esixencias do actual turismo fluvial”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“A planificación e promoción do turismo fluvial que deseñou no seu día o organismo provincial, de maneira ademáis moi acertada, baixo a presidencia de D. Francisco Cacharro e que tantos froitos deu, está abandonada polo Goberno provincial. Dende a Deputación temos a obriga de coidar o que temos e evitar que se afunda o noso patrimonio como se afundiou o catamarán Pelegrín I.

Estamos de acordo en que se invista en vídeos e feiras e demáis, ademáis existe un plan estratéxico de turismo que remata agora no ano 2020, pero hai que coidar o que temos. Vemos que existen servizos, equipos e instalacións como as do complexo de Augasmestas, situado no Concello de Quiroga, ao pé do río Lor, moi preto da súa desembocadura no Sil, que están en estado de total abandono e que poderían estar funcionando perfectamente.



Augasmestas está inutilizada e abandonada pola deficiente xestión turística do actual goberno. Son unhas instalacións modernas nun enclave marabilloso na Ribeira Sacra, candidata a Patrimonio da Humanidade, totalmente adaptadas ás novas tendencias. É inconcibible que se deixen caer estas instalacións que tanto custaron, case que dous millóns de euros ás arcas públicas desta Institución, e que se perda a posibilidade de que máis turistas disfruten das mesmas e pernocten na zona.

Ante as queixas expresadas tanto por lucenses que non entenden que este complexo siga sen uso, como do propio Concello de Quiroga, representantes deste grupo político visitamos este complexo pouco antes do inicio da crise sanitaria e volvémoslo facer nos últimos días. Nestas visitas puidemos comprobar que estas instalacións non están operativas e que están abandonadas pola desidia desidia na xestión por parte deste equipo de goberno. A maiores cómpre sinalar que a abundante cantidade de herba e maleza de gran tamaño que hai arredor das instalacións supón un serio risco de incendio que podería danalas irremediamente.

Entendemos que hai que actuar, non debemos esperar a que sexa tarde, como pasou co catamarán de Lugo, o Pelegrín I, que se deixou afundir no río Miño, sen usalo, e agora podrece nun prado de Begonte. Hai que intervir sen máis demora. E así o fixemos constar xa en anteriores ocasións a través por exemplo da presentación de mocións en maio de 2017, en xullo de 2018, e de varias preguntas no pleno novembro 2018, no pleno outubro 2019 e no pleno xaneiro 2020, sen resultado ningún. Estamos na campaña do ano 2020, está perdida, señora Deputada de turismo; e neste sentido esperemos que para o 2021 podamos disfrutar desas instalacións.

As características destas instalacións están perfectamente adaptadas ao que requiren os usos propios do turismo de natureza, unha das apostas deste plan estratéxico, o que demostra a seriedade coa que foron deseñadas no seu momento polo goberno provincial do Partido Popular.

Os gobernos bipartitos, PSOE-BNG, na Deputación resultaron funestos para o complexo recreativo de Augasmestas, construído no ano 1996, e pechado dende o 2006.

Este complexo conta con zona de cámping, área recreativa, aparcadoiro para autocaravanas, cafetería, piscina, aseos e duchas, entre outros. No ano do 2004 acometéronse obras

de ampliación consistentes en cinco bungalows e a rehabilitación de varias edificacións. Dende esta ampliación o complexo funcionou só durante dous anos. Coa chegada do bipartito á Deputación o complexo caeu en desgraza, como case sempre ocorre cando se deixan abandonadas instalacións deste tipo, sufriron accións de vandalismo. O organismo provincial executou obras nas instalacións, concretamente no ano 2017, coa finalidade de repoñer os elementos afectados polo vandalismo e polo paso do tempo, pero a verdade é que todo segue igual e segue pechado.

A Deputación, por acordo de 23 de marzo de 2015, sacouno a licitación; no ano 2015, burocracia, volveu todo atrás. A verdade é que parece que a Deputación lle ten manía a estas instalacións; son xa moitos anos e todo segue parado; é unha verdadeira mágoa que todo ese patrimonio que ten a Deputación de Lugo aí, nun lugar increíble, que non estea en uso.

Por todo isto o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao pleno da corporación provincial a presente moción e propón a aprobación do seguinte acordo: Instar ao goberno provincial a que faga as xestións oportunas para poñer en condicións de uso e funcionamento as instalacións de Augasmestas e a que as reabra canto antes, porque pese aos anos de abandono aínda ofrecen unhas condicións xerais adaptadas ás esixencias do actual turismo fluvial.

Loitemos xuntos por non perder a campaña do verán 2021, é Ano Santo, e ademáis é importante para a Ribeira Sacra, e cremos que pode ser perfectamente compatible con esas novas instalacións que está tamén financiando moi cerquiña a Deputación de Lugo en Ribas do Sil. Cremos que son compatibles absolutamente, e dende logo non quixeramos facer comparacións odiosas, non vimos a iso, simplemente queremos que se aproveiten os nosos recursos en calquera dos concellos sen discriminación ningunha”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“No mesmo sentido ca na anterior moción, a nosa condena ás actitudes machistas, e que aínda soltaron un comentario comparando a igualdade entre homes e mulleres coa igualdade entre pistas en diferentes concellos. Nós temos que protestar dalgún xeito contra as actitudes machistas, e ímolo facer sen inerpelar as mocións do Partido Popular”.



Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sr. Castiñeira, permítame a broma, agardo que ademáis do “posado de verán” na Ribeira Sacra, da coñecemento en profundidade do complexo de Augasmestas para o cal, agardo, tivera a porta aberta cando chegou alí porque creo que chegou practicamente no mesmo momento, ou escasas horas antes, de que os traballadores de Tragsa foran facer a segunda limpeza. Eu agardo que ese “posado” con que nos deleitou a todos nas redes sociais o utilice tamén para a promoción da Ribeira Sacra, algo importante para esta provincia.

Quérolle agradecer ademáis a fe que vostede demostra neste equipo de traballo, na nosa capacidade como goberno, para considerarnos capaces de sacar adiante e resolver en poucos meses un problema que, tal e como acaba de definir perfectamente aquí, e segundo recollen na súa moción, se remonta varios anos atrás, mesmo á construción do propio complexo. E ademáis concorda coas nosas previsións nas actuacións, e eu agradézolle esta confianza e esta marxe que votede nos dá hoxe.

Como vostedes saben, e vexo ademáis que saben ben, a nosa expectativa é poñelo en marcha nos próximos tempos, canto antes mellor; pero vostede sabe igual ca mín que isto vai depender de diferentes prazos legais.

Vostedes neste momento, tamén é acaído dicir que, por outra banda, se ven faltos de argumentos, e ademáis en certa medida están tamén faltando á verdade, porque saben que non hai deixadez por parte da Deputación, porque se vostede considerara realmente que hai deixadez non nos poñería como prazo o 2021, porque de habela sería imposible chegar para o 2021.

Polo tanto vostede sabe que en setembro de 2017 se remataron as obras; que en xullo de 2018 se lle notificou ó adxudicatario que finalizadas as actuacións competencia desta Deputación, dispoñía dun mes para firmar o contrato; en maio de 2019 produciuse a caducidade do procedemento de concesión; e en decembro de 2019 respondemos ás alegacións do concesionario;

e era ese concesionario e non a Deputación quen tiña accións pendentes de realizar; teñen tódolos detalles no expediente que hai nesta Casa.

Pero para nós hoxe o importante neste punto é trasladarlle á cidadanía, ós veciños e veciñas da zona, e a tódolos que ademáis teñen empresas que dependen do sector turístico, con nitidez e claridade, que non existe abandono por parte da Deputación; repito, vostede sabe que non o hai senón non nos poñería un prazo tan curto ata o 2021.

Non hai esa perigosa maldade da que vostede fala, nin tampouco hai unha perigosa maleza invadindo o complexo de Augasmestas; nos últimos seis meses, a pesares da incidencia da pandemia, Tragsa realizou en Augasmestas traballos de sega, poda e mantemento en febreiro e outra vez a finais de maio comezos de xuño, pouco despois da súa visita; tal e como lle podemos atestiguar con fotografías que hoxe teño aquí e que despois lle regalo para que non teña que desprazarse novamente ata Augasmestas para comprobalo e que non tropece coas herbiñas que alí pode encontrar.

Que non hai abandono sábeno; que se quixera entrar neste xogo cando vostedes mandaban en Suplusa non levaría catro anos sen desbrozar aquel complexo; e eu recórdolles que vostedes en Suplusa tiñan a maioría do Consello de Administración; e tamén lles digo que durante catro anos non se entrou facer nin unha soa limpeza no Complexo de Augasmestas.

Polo tanto comprobamos unha vez máis que vostede sabe ben do que fala; e nós estamos convencidos ademáis de que traballar na recuperación de Augasmestas dun xeito que permita rematar coa intermitencia do seu funcionamento e sentar unhas bases sólidas para a recuperación consolidada deste complexo sen novos riscos de peche no futuro é o que fai falta. Debemos normalizar o seu funcionamento ó igual que se normalizou o funcionamento desta Institución. E nós dende aquí estamos dispostos a colaborar coas persoas e coas empresas que resulten adxudicatarias dunha concesión pública, dentro sempre, como non pode ser doutro xeito, dos ordenamentos xurídico e administrativo.

E despois tamén hai algunha outra cousa que nos chama poderosamente a atención, como unha reunión co Alcalde do concello de Quiroga, ó que vostedes fan alusión, e que lles transmite



queixas, e a verdade é que a mín non deixa de sorprendeme un pouco porque se non lembro mal o día catro do mes de xuño eu reunínme co Alcalde de Quiroga, que me fixo chegar algunhas necesidades, nunha conversa privada da que non lles vou dar conta aquí evidentemente, e de Augasmestas non me comentou nada, é máis, compartía algunha das cousas que falamos nese momento sobre Augasmestas.

E din vostedes nesa moción que “dende este Grupo entenden que é necesario e urxente que o equipo de goberno provincial dea os pasos oportunos para reabrir Augasmestas”; din que é necesario e urxente, pois non é nin necesario nin urxente, para a súa tranquilidade, porque se está facendo e ademais para dar garantía de continuidade unha vez que se abra”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Castro, voullo dicir así de serio; non lle admito, e de verdade non o faga nunca máis, tachar a este Grupo de machista. Se vostede perdeu os papeis é cousa súa, nunca os perdeu, sempre tivo unhas actuacións correctas e sabe que temos un trato correctísimo; se vostede perdeu os papeis ante unha intervención totalmente xusta e digna, de verdade que o sinto. Pero, por favor, non tache a este Grupo, que representa a máis de 67 partidos nesta provincia, e a 30 alcaldes en concreto, de machista, porque dende logo creo que iso di moi pouco da súa persoa.

En canto á intervención da señora Porto, anunciou agora que no ano 2021, e non pense que non me fío da súa palabra, pero sabe que dicía o señor Besteiro?: “*Augasmestas se convertirá en 2010 en un centro de ocio para discapacitados*”, “*la Diputación cede la gestión del club náutico en Quiroga*”; son moitas promesas; “*el PP denuncia el abandono y deterioro que sufre el Club Náutico de Augasmestas*”, claro que houbo actos vandálicos, 2009. “*la Diputación aprueba un concurso público para rehabilitar Augasmestas*”, 2014. Se é que en Ribeira Sacra, en Quiroga, están cansos das súas promesas.

De verdade llo digo, vostedes chegan tarde practicamente a todo, e despois dan desculpas. Eu fun alí, non unha vez senón dúas, e nas dúas estaba en moi mal estado. Se vostede me di que esta ben Augasmestas dende logo me parece a mín que non foi, igual lle mandaron algunha foto

pero non foi alí. Pero igual tamén é capaz de dicirme que está ben o Pelegrín I. Igual tamén é capaz de dicirme que está moi ben o pantalán de Los Robles, igual tampouco foi por alí, pero xa ve como está deteriorado todo de turismo fluvial.

Pero se quere fállolle do quiosco ou do anfiteatro de Lugo, tamén propiedade da Deputación e abandonados. E xa sei que lles fastidia, nós non imos contra a imaxe da Deputación, queremos seguir colaborando, pero dende logo estamos aquí para fiscalizar o seu traballo, e o seu traballo en turismo fluvial é lamentable. O único que están é aproveitando o traballo que fixo no seu día o Sr. Cacharro Pardo promocionando o turismo fluvial da provincia, que está dando todos estes resultados á nosa provincia”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“É necesario putualizar, porque vostede interpreta e minte sobre as palabras dos demais. Eu díxenlle claramente que coincidíamos na importancia de abrir canto antes o complexo. E agradecinlle a marxe de confianza que nos daba ata 2021, a marxe que vostede marcou, acaba de marcar aquí, señor Castiñeira, a marxe do 2021; polo tanto non diga que os demais dicimos o que vostede quere que digamos, non o faga, porque non é acertado, dánselle mellor as fotografías. E tamén lle puntualicei ó respecto diso, que iso vai depender, entre outras cuestións, de diferentes aspectos legais e de tramitación.

Creo que quedou bastante claro na primeira intervención, pero vostede quixo interpretar e adaptar as miñas palabras á súa conveniencia.

Nós non lle podemos votar a favor desta proposta que traen aquí, por tres cuestións claras. En primeiro lugar porque non hai abandono, si que o houbo mentres vostedes tiveron a responsabilidade dende Suplusa cunha maioría no Consello de Administración da Sociedade. En segundo lugar, non lla podemos aceptar porque se está traballando para desenvolver un proxecto consolidado e de futuro. E en terceiro lugar porque eses traballos nos que se está xa agora traballando por parte da Deputación permitirán abrir Augasmestas con bases sólidas, van supoñer



unha recuperación do complexo que remate coa intermitencia, xa llo dixeran na anterior intervención, deste funcionamento e sen riscos de peche futuro.

Ese é o noso compromiso, e é o que eu deixo aquí para que conste en acta; o resto dio vostede e intenta facer que o digamos os demais, pero non é así”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Eu voulle dicir o que dixeran, *“loitemos xuntos por non perder a campaña do verán 2021, é Ano Santo, e ademais é importante para a Ribeira Sacra”*. Non lle estou dicindo que o vaian facer. Perdemos a campaña do 2020 e esperemos que non se perda a campaña do 2021.

Se vostde está contenta e orgullosa da súa xestión turística con respecto ó asunto de Augasmestas, pois fabuloso; xa non é culpa de vostede, e que xa é culpa dos anteriores, posto que en todo o tempo que vostedes levan no goberno non fixeron absolutamente nada por este complexo. Se o van facer agora benvido sexa, e se houberse vontade obviamente o que farían era votar a favor, recoñecer estas circunstancias, traballar e votar a favor.

Dende logo que o Alcalde de Quiroga, e os Alcaldes da Ribeira Sacra van estar contentísimos de que solucionen este problema. Esperémolo, pero tamén lle digo que aquí está a hemeroteca, e levan dende o a no 2010 dicindo que van abrir Augasmestas, e aínda segue aí parado. E de verdade, dígolle que vaia visitalo porque está en moi mal estado e está todo abandonado”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Neste momento abandona a sesión a Sra. deputada dona Monica Freire Rancaño.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

13.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MAIO DE DOUS MIL VINTE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día catro ao vinte e nove de maio de dous mil vinte, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1285 ao 1657. O Pleno da Corporación queda enterado.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Hai catro Preguntas e un Rogo presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular; dúas Preguntas que proceden do Pleno anterior; duas Preguntas que foron presentadas para este Pleno sen as vinte e catro horas que se establece, pero en todo caso creo que se pode estar en condicións de respostalas; e un Rogo”.

R O G O S

Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á estrada LU-P-4201.

Intervén para formular a Pregunta o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“O Rogo é relativo á estrada LU – P 4201 que une os concellos de O Saviñao e Paradela. Trátase dunha infraestrutura que ten un tráfico bastante amplo e incluso pesado, porque une dúas estradas autonómicas, e o tráfico que procede de Ourense cara á Ribeira Sacra.



Segundo nos trasladan os Alcaldes da comarca, existía un compromiso do anterior Presidente da Deputación, o Sr. Campos, para ensanchar e mellorar o firme desta carretera. E neste sentido é o Rogo:

Que por parte da Deputación Provincial de Lugo se proceda a realizar obras de ensanche (incluídas as expropiacións necesarias) e mellora do firme da estrada que une os concellos de Paradela e o O Saviñao; LU – P 4201”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Vostede di que hai un compromiso, eu non o coñezo, porque documento non hai ningún e non sei se de palabra chegaron a falar algunha cuestión.

De tódolos xeitos, como é un Rogo non tiña porque darlle resposta pero quero darlla, e como un principio xa para todo o mandato.

O problema das estradas da Deputación é o firme non é a anchura lamentablemente, e se valeron ata agora van seguir valendo, porque cada vez hai menos poboación no rural; así que a necesidade de ampliar non é tanta, a necesidade de ter bo firme si.

Polo tanto, xa lle digo que de cara ó futuro o que vamos tratar é de que teñan o mellor firme posible, pero de facer ampliacións non, iso xa como estratexia xeral. E neste caso temos a intención de arranxala na súa totalidade, doce quilómetros, entre concellos do Partido Popular, Paradela e O Saviñao, por tanto me parece que aí hai unha igualdade; imos intentar facelo, pero iso si, coa anchura que ten para que haxa un bo firme e que tódolos veciños desas zonas teñan o mellor firme posible para pasar por esa estrada”.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ao arranxo da Ponte de San Estebo.

Intervén para formular a Pregunta o Sr. Deputado D. José Pardo Lombao, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A Ponte de San Estebo situada na estrada “LU P – 5101. Rábade (N VI) – Friol (LU 232)” ; (intermunicipal Rábade, Begonte, Outeiro de Rei, Friol), é unha infraestrutura moi transitada e que une varias parroquias de Begonte e de Outeiro de Rei, ademais de servir de nexo con Rábade e con Friol.

Ante a ausencia de actuacións de conservación na mesma, por parte da Deputación Provincial, esta foi degradándose de tal xeito que unha vez constatada a perda dos requisitos mínimos de seguridade o equipo de goberno provincial rematou prohibindo o tráfico de vehículos de máis de dez toneladas.

As consecuencias desta decisión son, por unha banda, a imposición de trabas na circulación dos vehículos afectos ás actividades económicas dos veciños que observan como experimentan un incremento nos custes temporais e económicos de transporte e de movemento na maquinaria o que repercute de xeito negativo na produtividade, competitividade e rendibilidade das súas explotacións.

E, por outra banda, a imposibilidade de que pola mesma circulen autobuses, sinaladamente os vehículos de transporte escolar o que conleva que os nenos e nenas teñan que dar un rodeo de varios quilómetros para ir á escola ou ás súas casas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:

¿Ten proxectado o equipo de goberno provincial levar a cabo a redacción e execución dun proxecto de arranxo da Ponte de San Estebo situada na “LU P – 5101. Rábade (N VI) – Friol (LU 232)” ; intermunicipal Rábade, Begonte, Outeiro de Rei, Friol; que permita que a mesma se reabra ao tráfico rodado pesado e de autobuses en axeitadas condicións de seguridade?”.



Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“A Ponte de Uriz permite á estrada provincial LU-P-5101 denominada “De Rábade a Friol” salvar o río Ladra xusto no límite municipal de Begonte e Outeiro de Rei.

Esta ponte que data de finais do século XVIII, comezos do século XIX está recollida no “Inventario de Pontes Históricas de Galicia” coa referencia LU-49. Trátase dunha ponte de mampostería con arcos de media punta.

En abril de 2016 produciuse un afundimento da calzada da ponte provocado por danos estruturais existentes no segundo arco e no muro de carga. A gravidade dos danos motivou que se procedese á súa reparación mediante unha actuación de emerxencia, que seguramente todos vostedes lembrarán, que rematou en xuño de 2016 e tivo un custe total de 91.468 €.

Máis recentemente, en agosto de 2019, apareceu inmediatamente antes da ponte, un furado, que se debía a danos existentes nunha obra de drenaxe que se atopa antes da ponte, do lado de Begonte. Procedeuse á reparación do devandito furado mediante a empresa adxudicataria da conservación na zona e supuxo un custe de 1.217 €.

A análise dos danos descritos fixo pensar que existía unha relación directa co elevado tráfico de vehículos pesados xa que estas estruturas non foron concebidas para soportar cargas tan altas nin polo seu deseño nin polos materiais cos que se construían. É por isto que se procedeu á instalación de sinais para limitar a tonelaxe dos vehículos que poden atravesar a ponte. Nembargantes, ditas sinais foron arrancadas en dúas ocasións, descoñecéndose a identidade dos infractores, polo que a día de hoxe continúan pasando vehículos pesados pola ponte co risco que supón.

Está prevista a colocación de novas sinais e a disposición de marcas viais de limitación de tonelaxe para protexer esta ponte que, como lles dixen ó comezo desta contestación, data de finais do século XVIII e comezos do XIX”.

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa aos traballos de mantemento realizados polo Parque Móbil na Rede Viaria Provincial.

Intervén para formular a Pregunta a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Esta pregunta fora xa formulada no pleno anterior, pero volvémosla reiterar, aínda que tamén trouxemos hoxe unha moción sobre este tema.

A existencia de infraestruturas viarias en bo estado resulta esencial tanto para os desprazamentos dos lucenses como para o desenvolvemento económico e turístico da provincia.

Unha das obrigas da Deputación de Lugo é a xestión da súa rede viaria provincial e a asistencia aos concellos, a través do seu Parque Móbil, para o arranxo e mantemento de vías municipais.

Precisamente, para levar a cabo actuacións neste ámbito o organismo provincial conta cos recursos económicos, materiais e humanos necesarios. Tal é así que, nos orzamentos, o Parque Móbil Provincial dispón de partidas específicas para acometer estes traballos, ademais dun amplo dispositivo formado, como é sabido, por equipos de rego e de limpeza, traillers, camións, pala cargadora de cadea, etc.

Sobre este servizo que, a priori, resulta indispensable para a mellora das comunicacións, descoñécese a súa planificación e os criterios de distribución, detectándose certa desigualdade por parte do goberno provincial á hora de poñelo a disposición das entidades locais. Varios alcaldes trasladaron a este Grupo a súa queixa neste senso, pois mentres algúns rexedores xa tiveron as máquinas no seu concello varias veces, outros, sen embargo, aínda as están agardando, e o que me toca a mín como Alcaldesa que levo dez anos, e alí nunca foi o Parque Móbil, e non é porque as carreteras estean en perfecto estado, todo o contrario.

Así, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:



- ¿En que concellos de forma detallada, realizou o Parque Móbil Provincial actuacións de mantemento da rede viaria durante os meses que transcorreron do presente ano e que previsións e planificación manexa o goberno provincial respecto ao mesmo para os vindeiros meses?”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Dicirlle que o Parque Móbil Provincial traballou en 29 concellos desta provincia no ano que levamos gobernando; que houbo concellos de tódalas cores, e non vou ler os vinte e nove pero voulle citar algúns de cada cor: no caso do Partido Popular houbo concellos como O Saviñao, Antas de Ulla, Sober, e outros máis; no caso do BNG, Ribadeo; no caso do Partido Socialista, entre outros, Monforte, Navia de Suarna, A Fonsagrada, ou Cervantes.

E retomando algunhas cousas que se dixeron aquí, pero basicamente relacionado con isto, eu antes escoitei ó Sr. Núñez dicir que a todos igual; pero como eu padezo esa igualdade porque nestes últimos días a Xunta me acaba de denegar catro proxectos sen argumento ningún, simplemente dicindo que non acadamos a puntuación necesaria, e nin sequera me din canto; e con ese criterio que, como vemos, é xustísimo, tratáronme igual cós do Partido Popular, donde onte estivo a Conselleira na Comarca, noutro concello, o cal eu non lle quito que vaia, só faltaria!, pero o que boto de menos é que veña ó meu.

E esa é a igualdade señor Núñez, así que mire, vostedes teñen un Plan Único, como teño eu no meu concello, e isto non é un *maná*, isto sae dun presuposto porque aquí non temos a máquina de facer billetes. E antes non había iso, pode ir vostede a algunha Deputación que lle é familiar por aí e verá que o Plan Único son cincuenta ou sesenta mil euros como había antes aquí co POS.

Así que ese plan único de obras e servizos é xustamente, entre outras cousas, para arranxar as vías municipais; hai quen o adica a outra cousa pero entón será a súa responsabilidade, cadaún cando goberna ten que escoller onde mete o diñeiro, e logo os cidadáns xa valorarán.

E falaban vostedes de criterios; eu voulle ser moi franco e moi clariño, utilizamos os mesmos criterios que cando gobernaba o Partido Popular, exactamente os mesmos, eu non os cambiei; e digo eu que se os criterios eran bos cando gobernaba o Partido Popular tamén serán bos

agora. Así que creo que queda claro o que lle quería dicir. E como chegamos tarde a todo, señor Castiñeira, vou procurar saír a noite anterior para chegar antes ca vostede.

E en relación co que lle dicía a señora Porto, estou valorando moi moito poñer unha zona vídeo vixiada nesta ponte para ver quen é o simpático que cando se lle ocorre algo para facer algunha cousa non boa para a estrada provincial nin para a ponte, arrincaa e tíraa ó río; e conveniente saber quen é, sería bo verlle a cara, claro que pode ir con mascarilla pero agora incluso se pode saber quen está debaixo da mascarilla. Así que ánimoos a que sigan arrincando, e cando pintemos o sinal de novo no solo imos ver como a varren cunha escoba, agás que a pinte de negro. Porque a verdade é que falar aquí de que alguén fai unha falcatuada que é arrincar un sinal, é un vandalismo, iso nin se nomea.

Pero está claro onde andan os equipos da Deputación, e os criterios son os mesmos que cando gobernaba o Partido Popular, non os tocamos”.

Terceira.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa á empresa Tragsa.

Intervén para formular a Pregunta o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“¿Coñece vostede que se estea desviando ao persoal da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P.(TRAGSA) antes vinculado a SUPLUSA para realizar tarefas, dentro da súa xornada laboral, distintas ao mantemento e conservación das zonas verdes de titularidade provincial incluídas no encargo realizado a dita empresa?.”

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Non, señor García, eu non teño coñecemento, e vostede?, porque a verdade é que despois de ver a súa nota de prensa do outro día e a pregunta formulada, na que non ten sospeitas derivadas dalgunhas informacións das que dispón, porque se vostede tivese algunha información concreta e



non a comprobase estaría actuando con negligencia; se a comprobase e resultase ser certa aportaría os datos; e se non ten datos non ten informacións, e todo isto é un invento.

Debería seriamente replantexarse cal quere que sexa a súa contribución á política, e máis concretamente neste asunto que vostede insistentemente trae a Pleno relacionado coa empresa pública Tragsa”.

Cuarta.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ás instalacións deportivas.

Intervén para formular a Pregunta o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Adiar o traballo non soluciona problemas”, tivemos que escoitalle hoxe ó Sr. Castro.

A nosa Pregunta, que ademáis está xa redactada coma unha pregunta pechada, que son as de resposta de “si” ou “non”, para que lle resulte moi doado contestala.

“¿O equipo de goberno provincial ten elaborado o calendario de uso das instalacións deportivas provinciais e algún protocolo específico para cada unha das mesmas ou algunhas indicacións de carácter xeral?”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, en representación do goberno provincial, no seguinte sentido:

“Como hoxe, aparte doutras cousas, están simpáticos, voulla contestar para que a poda entender, e con probas, vostede fai a gracieta e eu tamén a fago.

Si, e cun protocolo que ó mellor é demasiado extenso, pero fixemos un traballo bastante máis extenso ca outras administracións; e non está aprobado porque esta fin de semana a Xunta aprobou un Decreto no que modificaba o uso de mascarillas dentro das instalacións deportivas, e temos que incluír esas indicacións; pero nesta semana estará asinado”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e oito minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.